4) Actuar cunha ética de servizo ó cidadán. As reformas, segundo este obxectivo, intentan cambia-lo trato cos administrados. Dunha consideración fundada nas nocións de súbdito ou administrado trátase de pasar a outra fundada xa, na noción de consumidor ou cliente, o que enfatiza os elementos bilaterais da relación, xa na máis clásica de cidadán, dotado de dereitos fronte á Administración pública. Con estas reformas búscase mellora-la calidade do servizo público, incorporando ó funcionamento do sector público non só o cidadán considerado individualmente, senón tamén asociacións e outros grupos ou colectivos. Esta ética de servizo non só busca a resolución de problemas senón unha maior transparencia e comprensibilidade da actuación administrativa para facilitar esa participación cidadá.

Dun modo pormenorizado os obxectivos principais das reformas contemporáneas, na nosa opinión, son: (1) a postulación da introducción e potencialización do xerencialismo no sector público (Pollitt, 1993); (2) de modo derivado ou asociado, o intento de diminuír, e se é posible, reverte-lo crecemento do sector público; (3) o incremento da produtividade da Administración pública (Holzer, 1992, Bañón, Halachmi e Bouckaert 1996); (4) a énfase na consideración da provisión pública de servizos como simplemente subsidiaria do sector privado, a fuxida das normas do dereito administrativo cara ás normas, máis flexibles, do dereito privado (Richards, 1992) e, máis en concreto, a des-regulación da prestación de servizos públicos e a súa cesión ó sector privado (Arenilla, 1994); (5) a difusión do *consumer paradigm*, a tradución máis simple do cal, e non inexacta, é a de paradigma do consumidor, pero que recibe outras traducións⁷ (Richards, 1994 (1992); Jenkins e Gray 1994 (1993), e a subseguinte postulación da calidade dos servizos; (6) a participación de cidadáns e empregados na xestión (Bastos Boubeta 1995) e a mellora do desempeño dos funcionarios públicos, a través da aplicación de incentivos ó rendemento, salariais ou extrasalariais; (7) a énfase no desenvolvemento da automatización da xestión pública, especialmente no que se refire á incorporación dos desenvolvidos das tecnoloxías da co-

⁷ Vexamos un exemplo moi significativo: no n.º 1 de *Gestión y Análisis de Políticas Públicas*, o artigo de S. RICHARDS (1992), "Who Defines the Public Good? The Consumer Paradigm...", tradúceo J. Subirats como "El paradigma del cliente..."; en cambio, o artigo de B. JENKINS e A. GRAY, "Evaluating and the Consumer..." (1993) tradúceo X. Ballart como "Evaluación y el usuario...". As implicacións dunha ou outra opción son enteiramente distintas. En español, a palabra "cliente" designa o comprador de produtos ou servizos subministrados por empresas industriais ou mercantís (deixando na marxe, obviamente, outras significacións máis próximas á orixinaria romana, que non veñen ó caso aquí). En cambio a palabra "usuario" designa preferentemente a persoa que utiliza un servizo público, no sentido do dereito administrativo ou nun sentido máis xeral de servizo susceptible de uso polo "público", utilización que non necesariamente supón o pagamento dun prezo (por exemplo, os usuarios dunha vía pública; non de peaxe). A tradución máis literal "consumidor" evitaría estes problemas, sen que se poida dicir que alterase o significado orixinal.

municación; (8) o desenvolvido dunha axenda máis sensible a obxectivos de cooperación intergubernamental e ós condicionamentos internacionais na elaboración de políticas (Hood, 1991).

Pero ademais desa axenda explícita, poden existir axendas ocultas nos programas de reforma administrativa. Algúns destes obxectivos ocultos poden se-la supresión de servicios administrativos que non encaixen cos propósitos dos dirixentes políticos ou lles resulten molestos. Isto é especialmente palpable en boa parte das reformas que se cualifican como xerenciais, no propósito de recorta-lo poder dos altos funcionarios de carreira en proveito da clase política, ó incrementa-lo poder de padroado desta. Por exemplo, as ideas que impulsaron as reformas británicas enfatizaron moito na descrición do burócrata como un individuo egoísta que non busca satisfacerlo ben común, senón só o seu propio (Niskanen 1971 é especialmente representativo desta perspectiva) e que acumula a través do seu maquiavélico control da elaboración dos orzamentos e do seu dominio das interioridades do proceso de elaboración de políticas un desmesurado poder que substitúe o poder lexítimo do político elixido polo pobo. Entre nós, Alba 1995, 399 refire a opinión dun ministro, na etapa da transición, que describía os funcionarios e as súas organizacións como perigosos touros de lida.

Os burócratas poderían, así, constituír un grande obstáculo á hora de implementar políticas. O relato dos padecementos de Rudolf Hilferding, quen no ano 1923 viu fracasa-la súa política económica ante a resistencia da vella burocracia prusiana, que sentía lesionados os seus intereses de "casta", foi aducido pola bibliografía para advertir contra os males do excesivo poder funcional (Page, 1992, 1). Neste ambiente, nesgadamente predisposto contra o burócrata, é lóxico que as reformas administrativas busquen recorta-lo peso político da burocracia e aumenta-lo dos políticos, particularmente como "empregadores" (recrutamento, promoción e sanción do persoal ó servicio das administracións públicas). Neste aspecto, as reformas administrativas poden ser vistas, en bastantes casos, como unha loita latente entre políticos e burócratas (Peters, 1992) co obxectivo non declarado de reduci-la participación dos segundos na elaboración e aplicación de políticas.

As reformas administrativas en España

As reformas administrativas na Administración central

A Administración pública española –como a da xeneralidade dos países– cambiou notablemente (sobre os seus antecedentes modernos, cfr. García de Enterría, 1961; sobre as reformas, Subirats, 1990). Os grandes corpos de burócratas perderon influencia respecto dos anos setenta e os niveis superiores da función pública baixaron en capacitación profesional e prestixio social. A Administración central do Estado sufriu un certo proceso de adelgazamento pola institucionalización das autonomía territoriais, pero este proceso foi contrarrestado polo crecemento dos servizos públicos de educación e seguridade social, non transferidos a tódalas comunidades autónomas, ou non na súa totalidade, nos casos en que si se produciu a transferencia.

A partir de mediados dos anos oitenta, máis en concreto trala aprobación da Lei de reforma da función pública de 1984 e trala acentuación do proceso de transferencias ás comunidades autónomas, potenciados quizais por factores externos⁸, iníciase unha serie de reformas da Administración central do Estado. A xeneralidade dos analistas consideraron estas reformas en termos moi críticos (Alba, 1995). As súas principais características, segundo Nieto 1996, foron:

En primeiro lugar, publicouse unha serie de documentos oficiais sobre as reformas, como as *Reflexiones para la modernización de la Administración*, do MAP; o Estudio Delphi: *la modernización de los procedimientos de actuación de la Administración*, da Inspección Xeral de Servizos; o *Plan de Modernización de la Administración del Estado* (aprobado polo Consello de Ministros en novembro de 1991 e marzo de 1992); e o documento-marco sobre *Modernización y cambio en las Administraciones Públicas*, do INAP, 1995. Paralelamente celebráronse varias xornadas de estudo, auspiciadas institucionalmente, sobre modernización e reforma administrativa, como as “Xornadas de modernización das administracións públicas” (Conca, xullo de 1990), “Modernización pública e formación” (outubro de 1991) ou o “Seminario internacional sobre a reforma administrativa” (Santiago de Compostela, 1995).

Os contidos varían segundo os casos, pero as notas comúns inclúen propostas de reconfiguración das estruturas administrativas (créanse “axencias”⁹ e entes autónomos), de transformación de “culturas burocráticas” en “culturas de responsabilidade” (Jenkins e Gray 1994, (1993)), de flexibilización dos sistemas de función pública (Baena del Alcázar, 1996) e da me-

⁸ LASHERAS e RUIZ-HUERTA 1992 sosteñen que o proceso de unificación europeo, coas súas esixencias de racionalización do gasto público, xogou un papel espoliador das reformas.

⁹ A “externalización” de actividades administrativas en “axencias” é unha das características máis comúns das reformas dos noventa (JENKINS e GRAY 1994, (1993), 47).

llora da información e comunicación co cidadán e da calidade dos servicios (creación dun observatorio da calidade)¹⁰.

A reforma administrativa ten tamén un compoñente de reforma da lexislación, nun intento de supera-lo control endógeno da Administración por parte dos altos corpos de funcionarios (remitímonos ó dito sobre os propósitos de incremento do poder de padroado polos políticos), mediante a introducción da mobilidade no posto de traballo e da "carreira administrativa", incluso entre distintas administracións públicas, a racionalización e recomposición dos corpos de funcionarios e a limitación dos postos de libre designación, obxectivo este último, contradictorio co espírito da reforma, pero, quizais por iso mesmo, incumplido na práctica. Esta actuación concreouse en normas como a Lei de incompatibilidades e a Lei de réxime xurídico das administracións públicas.

As reformas administrativas realmente implantadas, con algunhas excepcións como a creación da Axencia Tributaria ou a reforma da Dirección Xeral de Tráfico (ver Villoria, 1996), non pasan de ser, usando a expresión do propio Alejandro Nieto, intervencións epidérmicas e simplemente miméticas do "discurso modernizador" imperante alén das nosas fronteiras¹¹. Pero, os resultados prácticos foron moi modestos, e as relacións de poder entre políticos e burócratas permanecen substancialmente inalteradas (dentro da mutua desconfianza que, segundo Beltrán Villalva 1996, as caracteriza). Impera un discurso retórico inzado de lugares comúns, como tales perfectamente compatíbeis aínda sendo contradictorios, como "a Administración nin se cambia por decreto nin se transforma da noite para a mañá" ou "a modernización tende a un cambio de cultura administrativa centrado na consecución de resultados e no equilibrio da relación custo-beneficio como elemento referencial básico" (ver Nieto, 1992), entregado ás sucesivas e fugaces modas. Se nos anos oitenta se salientaban as nocións de eficiencia e de eficacia¹², nos noventa insistírase no paradigma do consumidor (ou cliente) (Richards 1994, 1992), máis conciliable co novo ambiente "humanista" (Atkouf, 1992), de maior predicamento na actualidade.

En conclusión, aínda que a Administración española sufriu, nos últimos vinte anos, o impacto dunha reforma lexislativa de certa entidade e algúns outros cambios menores, ós que se aludiu nas páxinas anteriores, o cambio máis importante veu constituído pola aparición das 17 administracións autonómicas. Veremos, a continuación, as reformas acometidas nas comunidades autónomas.

¹⁰ Unha síntese auténtica do "discurso" oficial sobre a reforma administrativa na comunicación do, daquela, ministro para as administracións territoriais, JERÓNIMO SAAVEDRA, "Reforma e modernización das administracións públicas", presentada ó "Seminario internacional sobre a reforma administrativa", Santiago de Compostela, 1995 (mimeografiado).

¹¹ Por exemplo, o "discurso" do consumidor ou cliente e da calidade de servizo difúndese na retórica española sobre a Administración pública a partir da publicación do informe da OCDE, *La Administración al servicio del público*, Madrid, MAP, 1991. Popularízase coa tradución de *Reinventing Government* (OSBORNE e GAEBLER 1994, 1992).

¹² Falábase dos "tres es" (economía, eficiencia e eficacia) e, incluso dos "cinco es" (engadíase, excelencia e empresa). Ver ELCOCK 1989, páxs. 1-3.

A reformas administrativas nas comunidades autónomas

As administracións autonómicas hispanas comezan a súa andaina nos anos oitenta, nun contexto de pleno apoxeo das reformas administrativas en toda Europa. Sen embargo, non se "aproveitou a ocasión" para introducir tipos novos de Administración pública, de acordo cos postulados dos profetas da reforma administrativa, o que probablemente se debeu máis ás dificultades reais que atoparía a implementación destas propostas arbitristas que á preguiza mental dos respectivos responsables políticos.

Pola contra, o modelo seguido á hora de crear estas novas administracións foi o da vella e "tradicional" (e probablemente máis eficaz do que se adoita conceder) Administración burocrática, copiada coas súas virtudes e defectos da Administración central do Estado. Por iso, a Administración de cada unha das comunidades autónomas é semellante, á vez, á Administración central e, en principio, tamén ás súas irmás autonómicas. Ramió e Subirats (1996) afirman o primeiro, pero relativizan moito o segundo. Segundo eles, por debaixo dun debuxo aparentemente homoxéneo aparece unha plenitude de matices, diferencias, desigualdades e coloridos distintivos. E estes contrastes amosarían estratexias ou formas de entender e de usa-la autonomía diferenciadas. Dende logo, é verdade que as formas de comprensión da autonomía e as estratexias da súa utilización varían en grande medida, pero nós cremos que estas diferencias non se proxectaron nas reformas administrativas, que concordan basicamente nos seus contidos.

Por outro lado, as propostas de reformas administrativas poden ser unha estratexia de diversión perante problemas políticos máis graves ou perentorios. Con respecto disto, (Castells, 1992) conta que André Tardieu, presidente do Consello de Ministros francés no período de entreguerras, cando aumentaba a tensión política e o Goberno se encontraba en dificultades anunciaba na Asemblea Nacional unha reforma administrativa, anuncio que se recibía con ledicia, derivado da incredibilidade que suscitaba, o que lle permitía ó primeiro ministro logra-la relaxación da tensión parlamentaria suscitada por aquel outros problemas. Quizais, os políticos autonómicos utilizaron tamén estas potencialidades das propostas de reformas administrativas. En calquera caso, as reformas autonómicas foron en xeral bastante superficiais e, ó mesmo tempo, a difusión por mímese dos seus contidos foi moi elevada¹³.

Unha vez institucionalizadas e alcanzado un nivel suficiente de competencias, a comezos dos anos 90, as comunidades au-

¹³ En relación ós Estados Unidos, INGRAHAM, 1993 sinalou como as políticas (no caso concreto, de remuneración de funcionarios) que parecen funcionar ben nunha particular Administración rexional se difunden rapidamente en tódalas demais administracións rexionais, sen estudar se as particulares circunstancias de cada unha permiten agardar resultados análogos.

tónomas, en ocasións moitas veces de cambios nos seus gobernos, embárcanse en procesos de reforma administrativa. Un simple repaso da bibliografía recente (monográficos de *Autonomías*, n.º 18, e *Revista Vasca de Administración Pública*, n.º 45-II, e as comunicacións presentadas a diversas xornadas sobre modernización e reforma nas comunidades autónomas) amósannos moitos trazos comúns entre elas:

A maioría dos programas de acción son programas modernizadores, non propiamente de reforma. Buscan adecuar, cunha retórica de eficacia e de achegamento ó cidadán (ver Azúa, 1991, Florensa, 1991, Villoria, 1994), os avances técnicos derivados da informatización a unha mellor atención ó cidadán¹⁴, co fin de crear sistemas informáticos que permitan a aproximación dos cidadáns ás xestións administrativas. En cambio, non se procura de forma deliberada un cambio na "cultura administrativa" nin no sistema de xestión de recursos humanos.

Os poucos casos de verdadeiras reformas circunscribíense a procesos, aínda tímidos, de avaliación do rendemento e de medición da produtividade dos empregados públicos. Ata o de agora, nos casos nos que se implantaron avaliacións do rendemento non teñen consecuencias sobre a retribución do persoal. Os seus obxectivos son, como din Losada e Xirau, 1995, para o caso catalán, aumenta-lo grao de identificación dos traballadores co servizo público, reforza-lo exercicio das funcións directivas por parte dos mandos, obter informacións aplicables ós procesos de provisión de postos de traballo e de planificación de actuacións formativas e, por último, introducir elementos que favorezan a implantación de sistemas de dirección por obxectivos.

Amosan, por último, se cabe aínda máis que na Administración central do Estado, excesos retóricos, con reiteración abusiva de palabras tales como eficacia, atención ó cidadán e achegamento da Administración ó cidadán.

A reforma administrativa na Comunidade Autónoma de Galicia

O desexo de contar cunha Administración pública propia de Galicia foi un dos ideais que sempre animaron e animan o pensamento rexionalista e nacionalista galego (González Mariñas, 1993, Vilas Nogueira, 1993, Yebra, 1993).

A Administración autonómica galega seguiu un proceso seguido de crecemento en competencias e en volume de orzamento, que chegou a alcanza-lo 15% do PIB da Comunidade (Gago e Álvarez Villamarín, 1992). Igualmente, rexistrou un aumento

¹⁴ Cfr., as comunicacións presentadas polos respectivos conselleiros de Andalucía, Aragón e A Rioxa nas "Xornadas sobre modernización e reforma administrativa nas comunidades autónomas", Santiago de Compostela, 27-28 de febreiro de 1997 (mimeografiado).

importante no volume de persoal, que chegou a significar case o 9% do total da forza de traballo da Comunidade, o que aínda sendo relativamente baixo en relación a outras comunidades autónomas (García López e Alvira, 1996), representa unha porcentaxe considerable (sobre a función pública galega, ver López-Rúa, 1991).

Á hora de crear esta Administración seguiu-se, do mesmo modo que nas restantes comunidades autónomas, mimeticamente, o modelo da Administración central do Estado, tanto das estruturas xerais territoriais como dos organismos autónomos. Entre os segundos, hainos de moi diferente tamaño e natureza xurídica, dende o *Servicio Galego de Saúde*, que consume máis da metade do orzamento da Comunidade Autónoma, a outros máis modestos coma o *Instituto Galego da Vivenda e Solo*, a Televisión de Galicia ou a *Escola Galega de Administración Pública* (Rodríguez-Arana, 1993, García Llovet, 1994, Rodríguez-Arana e Aguilar, 1994).

Os movementos de reforma administrativa en Galicia comezan no ano 1991, e coinciden coa fin da etapa de expansión das competencias autonómicas e co regreso ó Goberno da Comunidade do Partido Popular, como froito do impulso do *conselleiro* da Presidencia, Dositeo Rodríguez¹⁵. A continuidade deste *conselleiro*, permitiu que a reforma goce de impulso sostido, aspecto moi importante para o seu éxito. Vexamos agora en qué consiste:

Administración única. É unha proposta de carácter político-administrativo, referida inicial e principalmente ás relacións entre a Administración do Estado e as administracións autonómicas, lanzada dende a mesma Presidencia da Xunta de Galicia (Fraga Iribarne, 1993; ver Serna, 1993). Con base no principio de subsidiariedade postúlase que a prestación do servizo público o realice a Administración territorial máis próxima ó cidadán, sempre que teña capacidade para facelo segundo a natureza do servizo. Segundo Meilán, 1993, non é outra cousa que o reaxuste, pendente, da Administración central para a súa adecuación ó Estado autonómico, e consiste, na práctica, na asunción por parte da Comunidade Autónoma das competencias da Administración periférica do Estado.

Comarcalización. A Xunta de Galicia está inmersa nun proceso, reclamado historicamente dende o galeguismo (ver Precedo 1993) e que ten o seu fundamento legal no recoñecemento, a través do Estatuto de autonomía, da comarca como "entidade local propia (*sic*) de Galicia" (ver Ferreira, 1991), de reorganización administrativa e dotación de competencias ás comarcas.

¹⁵ Véxase o primeiro proxecto de reforma en RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ 1991, no que se insiste nos temas característicos das reformas administrativas, como a racionalización de procedementos e a aproximación ó cidadán.

Con este propósito creáronse unhas fundacións para o desenvolvemento comarcal, aínda en fase incipiente.

Codificación normativa. Entre as propostas de modernización administrativa tivo especial aceptación na Europa continental, sobre todo en Francia (Mattarella, 1993; Braibant, 1994), a codificación das normas xurídico-administrativas para eliminar duplicidades, permiti-la súa simplificación e facilita-lo seu tratamento informático. Trátase de sintetizar e cando sexa preciso refundi-las normas administrativas (Serna, 1994) para un mellor funcionamento da Administración, en particular unha maior racionalización do procedemento administrativo, simplificación de trámites e unha mellor garantía dos dereitos cidadáns no procedemento (Alvarellos, 1993).

Reforma da función pública. A mellor xestión dos recursos humanos empregados na Administración autonómica, a mellora da súa estrutura administrativa, ataca-la rutina e o burocratismo, e despolitiza-la Administración son os principais obxectivos buscados coa reforma da Lei da función pública galega (Rodríguez Rodríguez, 1994). En particular, búscase flexibilizalos cadros de persoal, e chégase incluso á mobilidade espacial, facilita-la planificación de recursos humanos a través da previsión de necesidades de efectivos dispoñibles e necesarios, certa flexibilización dos procedementos de selección de persoal e provisión de postos de traballo e a esixencia dun diploma de directivo para o acceso ós postos de libre designación (Baena del Alcázar, 1994).

O Sistema de xestión de procedementos administrativos (SXPA). É unha aplicación de ferramentas informáticas¹⁶ para achega-la Administración ó cidadán e simplifica-los trámites administrativos (ver Márquez, 1995). Trata de incrementa-la eficacia, a racionalidade e homoxeneidade da xestión pública na Administración autonómica, mediante o seguimento dos procedementos administrativos. Abrangue tódalas consellerías da Xunta e as súas delegacións provinciais (Bouzada, 1994b), e inclúe tódolos procedementos que se inician por instancia de parte¹⁷.

En particular, persegue dous obxectivos:

a) Achegamento ó administrado mediante a creación de órganos específicos de carácter comarcal con funcións de admisión, de documentación e, de información xeral, e mediante a subministración de información acerca da actuación da Administración por medio dun servizo de atención telefónica e de edición de guías de atención ó cidadán.

b) Simplificación do proceso de xestión administrativa, mediante a instauración dun sistema de procedementos que ache-

¹⁶ Cfr., Xunta de Galicia, *El papel de los sistemas de información en el programa de reforma administrativa*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1997.

¹⁷ Cfr., Xunta de Galicia, *A reforma administrativa da Administración autonómica de Galicia*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1995.

gue a Administración autonómica ós postulados da calidade total (Vázquez Ares, 1994). Esta simplificación require unha cualificación específica do persoal e a identificación e racionalización dos procedementos administrativos iniciados por instancia de parte. Os principais órganos encargados das diferentes funcións do proceso son (ver Márquez, 1995):

- Órganos de coordinación: Comisión Central de Racionalización Administrativa e comisións de racionalización propias de cada consellería.
- Órganos técnicos: Comisión Central de Revisión da Normativa e comisións de revisión propias de cada consellería.
- Órganos de control: Inspección Xeral de Servicios.

Avaliación do rendemento. Persegue efectuar unha valoración anual de tódalas unidades administrativas, con nivel de subdirección xeral e xefatura de servicio, co fin de estima-lo seu rendemento (Bouzada, 1995). O obxectivo concreto é valora-la cantidade e a calidade do traballo realizado en referencia a:

- a) a organización da unidade e o resultado obtido en relación cos medios persoais e materiais postos á súa disposición;
- b) a capacidade organizativa: propostas e melloras introducidas na organización e no funcionamento da unidade por instancias do seu titular.

Para estes fins creouse unha Comisión de Avaliación do Desempeño, que emitirá a súa avaliación logo do informe da Inspección Xeral de Servicios. Prevese a posibilidade de aplicarlle os resultados da avaliación á valoración dos postos de traballo e á determinación do complemento de produtividade, pero a curto prazo non lle afectará á remuneración dos empregados (Bouzada 1994a).

Respecto das reformas administrativas emprendidas pola Comunidade Autónoma de Galicia cabe facer varias precisións:

En primeiro lugar, é conveniente distingui-la reforma das actuacións modernizadoras, ou de adaptación da Administración ás alteracións do seu contorno, tecnolóxico, económico ou social. A codificación normativa e o Sistema de xestión de procedementos administrativos limítanse a aplicar novas técnicas, particularmente de tipo informático. Constitúen unha simple adaptación á dinámica tecnolóxica e social circundante, iso si, impregnada dunha nova "filosofía de servicio ó cliente" e expresiva dunha notable celeridade de resposta ós cambios de métodos.


Consideración particular tamén merecen, en segundo lugar, as reorganizacións territoriais do poder político. A reforma da

estructuración territorial da Administración ha de diferenciarse daquelas centradas nos estándares de xestión (cuestións de calidade, produtividade, xestión de recursos humanos, etc.) ou da relación entre a Administración e os destinatarios dos seus "productos" (paradigma do administrado, do consumidor, etc.), que son as que adoitan ocupar a bibliografía contemporánea sobre a reforma, aínda que as reformas territoriais poidan incidir secundariamente nestes aspectos: achegamento das instancias administrativas ó cidadán, no caso da comarcalización; evitar duplicacións innecesarias na prestación de servizos, no caso da Administración única.

As actuacións que, segundo o noso xuízo, merecen verdadeiramente o cualificativo de reformas administrativas, no sentido antes precisado, son a modificación da Lei da función pública e a avaliación do rendemento. A Lei galega da función pública trata de introducir unha maior flexibilidade na xestión de recursos humanos. Podería parecer pouco ambiciosa en comparación con outras reformas europeas, inspiradas na homologación dos criterios de contratación do persoal ó servizo da Administración fronte ós do sector privado, pero a este propósito han de terse en conta non só elementos moi arraigados da nosa cultura política, senón incluso certas construcións constitucionais. Posiblemente, o problema se presente en sentido contrario: a cautelosa flexibilización emprendida contradíse co propósito declarado de reducir a politización da Administración, pois a maior discreción na contratación e promoción dos empregados máis poder para o órgano político e menos para o burocrata.

A reforma que nos parece máis interesante é o programa de avaliación do rendemento. Constitúe un intento moi importante (aínda que, de momento, non teña consecuencias retributivas para os funcionarios avaliados), na liña doutras administracións occidentais. Un dos principais problemas que se lle presentan a este tipo de reformas é o da determinación dos indicadores do rendemento. É unha cuestión moi complexa, para a que non hai respostas claras. ¿Que se ha de entender por produtividade? ¿Como comparar a produtividade de dúas unidades completamente distintas? ¿Como medir a calidade da atención? Outro problema importante é o das resistencias que adoitan manifestarse á implantación destas reformas. A ningún lle gusta que se mida e compare o seu traballo e máis en lugares como a Administración pública, onde non hai tradición de facer tal cousa.

En conclusión, a reforma administrativa da Comunidade

Autónoma de Galicia merece un xuízo positivo; sae bastante ben parada en comparación coas emprendidas por outras administracións. Os aspectos máis positivos son a determinación política para a reforma, a sensibilidade cara ós imperativos de cambio e a súa rápida resposta e, sobre todo, o programa de avaliación do rendemento, innovador no noso contorno¹⁸. Aspectos menos positivos son os excesos retóricos na presentación das reformas, un sentimento de inferioridade respecto do sector privado e un seguidismo inconsciente das modas de xestión, que pululan polo sector público, aspectos estes nos que a reforma galega se prega a inspiracións xeneralizadas en España. 

¹⁸ As "reformas administrativas" galegas son en xeral expresivas do "modelo hispánico" de reforma administrativa: reformas non ideolóxicas e iniciadas no seo da Consellería da Presidencia; en cambio, a avaliación do desempeño provén dunha "cultura administrativa" máis orientada á productividade, como a norteamericana, e nisto radica boa parte do atractivo que presenta a súa posta en marcha. Pode servir de proba para a adaptación doutros programas de reforma procedentes daquel ámbito.

- ABERBACH, JOEL D., ROBERT D. PUTMAN e BERT A. ROCKMAN (1981): *Bureaucrats and politicians in Western democracies*, Cambridge (Mass.), Harvard University Press.
- ABRAHAMSON, ERIC (1996): "Management Fashion", *Academy of Management Review*, vol. 21, n.º 1, páxs. 254-285.
- ALBA, CARLOS R. (1995): "L'Administration Publique Espagnole: Réforme ou Modernisation?", *Revue Française d'Administration Publique*, n.º 75, xullo-setembro, páxs. 387-399.
- ALVARELLOS, CONSTANTINO *et al.*, 1993: *Reforma administrativa e procedemento administrativo*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- ARENILLA, MANUEL (1994), "Crisis de los recursos públicos, gestión pública y tendencias privatizadoras", *Gasto Público y Crisis Económica*, EGAP, Santiago, 1994 (de feito, 1995), páxs. 25-54.
- ATKOUF, OMAR (1992): "Management and Theories of OrganizationS in the 1990's: Toward a Critical Radical Humanism?", *Academy of Management Review*, n.º 3, vol. 17, páxs. 407-431.
- AZÚA, JON IMANOL (1991): "La calidad en la Administración Pública", *Boletín de Estudios Económicos*, n.º 143, vol. 46, agosto, páxs. 309-318.
- BAENA DEL ALCÁZAR, MARIANO (1994), (ed.): "A Administración de persoal no Proxecto de Lei de reforma da Función Pública de Galicia", *A reforma da función pública galega*, EGAP, Santiago de Compostela, páxs. 33-48.
- (1996): "La modernización administrativa", *Revista Vasca de Administración Pública*, n.º 45-II, maio-agosto, páxs. 13-15.
- BAÑÓN, RAFAEL, ARIE HALACHMI e GREET BOUCKAERT (1996), (eds.): *La productividad y la calidad en la gestión pública*, EGAP, Santiago de Compostela.
- BASTOS BOUBETA, MIGUEL A. (1995): "Unha apertura pluralista da Administración", *Revista Galega de Administración Pública*, EGAP, Santiago de Compostela, n.º 11, páxs. 171-187.
- BELTRÁN VILLALVA, MIGUEL (1996): "De la reforma de la Administración al control de calidad de los servicios públicos", *Gestión y Análisis de Políticas Públicas*, n.º 5-6, xaneiro-agosto, páxs. 5-16.
- BLAU, PETER M. e MARSHALL W. MEYER (1971): *Bureaucracy in Modern Society*, 2ª edic., Random House, Nova York.
- BOUZADA, JAIME (1994a): "A avaliación do rendemento no Proxecto de lei da función pública de Galicia", en Mariano Baena del Alcázar, (ed.), *A reforma da Función Pública galega. Relatorios da Xornada de estudio sobre o Proxecto...*, EGAP, Santiago de Compostela, páxs. 23-32.
- BOUZADA, JAIME (1994b): "A reforma administrativa autonómica de Galicia", en JAIME RODRÍGUEZ-ARANA, (ed.), *Reforma administrativa. Seminario bilateral hispano-alemán sobre reforma administrativa*, EGAP, Santiago de Compostela, páxs. 89-98.
- BOUZADA, JAIME (1995): "El papel de la Inspección General de Servicios en la Reforma Administrativa de la Xunta de Galicia: especial consideración de la evaluación del rendimiento", *Gestión y Análisis de Políticas Públicas*, n.º 2, xaneiro-abril, páxs. 79-84.
- BRAIBANT, GUY (1992): "Qu'est-ce que la modernisation", *Revue Française d'Administration Publique*, n.º 61, xaneiro-marzo.
- BRAIBANT, GUY (1994): "A codificación francesa" (traducción ó galego), en Constantino Alvarellos, Francisco J. Serna e Guy Braibant, *Codificación normativa*, EGAP, Santiago de Compostela, páxs. 63-80.

- CAIDEN, GERALD E. (1991a): *Administrative Reform Comes of Age*, Berlin/New York, Walter de Gruyter.
- (1991b): "What is really maladministration", *Public Administration Review*, n.º 6, vol. 51, novembro-diciembre, páxs. 486-493.
- CASTELLS, JOSÉ MANUEL (1992): "Notas póstumas sobre la reforma de la Administración pública española", *Revista Vasca de Administración Pública*, n.º 34-II, setembro-diciembre, páxs. 27-32.
- COHEN, M.D., J. E. MARCH e J.P. OLSEN (1972), "A Garbage Can Model of Organizational Change", *Administrative Science Quarterly*, vol. 17, páxs. 1-25, reproducido en March 1990:294-334.
- DRUCKER, PETER E. (1988): "The Coming of the New Organization", *Harvard Business Review*, n.º 1, vol. 88, xaneiro-febreiro, páxs. 45-53.
- DUNLEAVY, PATRICK (1994): "The Globalization of Public Services Production: Can Government be 'Best in World'?", *Public Policy and Administration*, n.º 2, vol. 9, verán, páxs. 36-64.
- ECHEBARRÍA, KOLDO (1993): *La Administración pública en la era del management* (tese doutoral), Universidade de Deusto (mimeografado).
- ELCOCK, HOWARD (1989): "The Three 'E's: Necessary but not Sufficient Conditions for Good Government", *Public Policy and Administration*, n.º 1, vol. 4, primavera, páxs. 1-3.
- ETXEARRIA, LUIS E. (1989): "El cambio y la gestión del cambio en la Administración Pública (cambio planificado vs. inercia administrativa)", en Instituto Vasco de Administración Pública, *Modernización Administrativa*, Oñati, páxs. 21-48.
- FERREIRA, ANTONIO J. (1991): "Aproximación ó réxime xurídico da comarca", en Xaime Rodríguez-Arana, (ed.), *Estudios sobre o Estatuto galego. X aniversario da promulgación do Estatuto*, EGAP, Santiago de Compostela, páxs. 447-460.
- FLORENSA, MARISA (1991): "La reforma administrativa en la Comunidad Autónoma de Cataluña", *Revista Galega de Administración Pública*, n.º 2, páxs. 121-150.
- FRAGA IRIBARNE, MANUEL (1993); "Administración única: unha proposta para un verdadeiro Estado das Autonomías", en Xaime Rodríguez-Arana e Francisco J. Serna, (eds.), *Administración Única. Relatorios das Xornadas celebradas en setembro de 1992 na egap*, EGAP, Santiago de Compostela, páxs. 13-26.
- GAGO, ALBERTO e JOSÉ C. ÁLVAREZ VILLAMARÍN (1992): "El sector público autonómico en Galicia: La experiencia de una década (1983-1992)", *Presupuesto y Gasto Público*, n.º 7, páxs. 103-125.
- GARCÍA DE ENTERRÍA, EDUARDO (1961): *La Administración española*, Madrid, Instituto de Estudios Políticos.
- GARCÍA LLOVE, ENRIQUE (1994): "La Administración institucional de la Comunidad Autónoma de Galicia. Algunas reflexiones", en Alfonso Pérez Moreno, (ed.), *Administración instrumental. Libro homenaje a Manuel Francisco Clavero Arévalo*, Civitas, Madrid, páxs. 1601-1620.
- GARCÍA LÓPEZ, JOSÉ e FRANCISCO ALVIRA (1996): "Personal al servicio de las Administraciones públicas", *Papeles de Economía Española*, n.º 68, *El sector público de la democracia española (I)*, páxs. 199-206.
- GOODSELL, CHARLES T. (1994): *The Case for Bureaucracy. A Public Administration Polemic*, 3ª edic., Chatham House, Chatham (New Jers.).
- GONZÁLEZ MARIÑAS, PABLO (1993): "A Administración galega na súa perspectiva histórica: cuestións e problemas de organización...", en Xosé R. Barreiro Fernández e Pablo González Mariñas, (eds.), *Historia da Admi-*

- nistración Pública. *Relatorios e comunicacións presentados...*, EGAP, Santiago de Compostela, páxs. 13-38.
- HARARI, OREN (1997): "¿Por qué murió la reingeniería?" (trad. de "Why Died Reengineering Die?", *Management Review*), *Harvard Deusto Business Review*, n.º 77, marzo-abril, páxs. 26-30.
- HECKSCHER, CHARLES (1994): "Defining the Post-Bureaucratic Type", en Charles Heckscher e Anne Donnellon, (eds.), *The Post-Bureaucratic Organization. New Perspectives on Organizational Change*, Sage, Thousand Oaks, páxs. 14-62.
- HOLZER, MARC (1992), (ed.): *Public Productivity Handbook*, Nova York, Marcel Dekker.
- HOOD, CHRISTOPHER (1991): "A Public Management for All Seasons?", *Public Administration*, vol. 69, primavera, páxs. 3-19.
- HUMMEL, RALPH P. (1994): *The Bureaucratic Experience. A Critique of Life in the Modern Organization*, 4ª edic., St. Martin's Press, Nova York.
- INGRAHAM, PATRICIA W. (1993): "Of Pigs in Pokes and Policy Diffusion: Another Look at Pay-for-Performance", *Public Administration Review*, n.º 4, vol. 53, xullo-agosto, páxs. 348-356.
- JENKINS, BILL e ANDREW GRAY (1994): "Evaluación y el usuario: la experiencia del Reino Unido", *Gestión y Análisis de Políticas Públicas*, n.º 1, setembro-deseembro, páxs. 47-57 (trad. de "Evaluating and the Consumer: The UK Experience", en J. Mayne et al., *Advancing Public Policy Evaluation*, Elsevier Science, Ámsterdan, 1993, páxs. 285-299).
- LASHERAS, MIGUEL ÁNGEL e JESÚS RUIZ-HUERTA (1992): "La gestión pública en el marco del proceso de convergencia europeo", *Cuadernos de Actualidad. Hacienda Pública Española*, n.º 2/1992, año III, páxs. 33-37.
- LÓPEZ-RÚA, JOAQUÍN (1991), "Función pública galega", en Xaime Rodríguez-Arana, *Estudios sobre o Estatuto galego. X aniversario da promulgación do Estatuto*, EGAP, Santiago de Compostela, páxs. 399-412.
- LOSADA, CARLOS e JOAN XIRAU (1995), "Evaluación del desempeño. El plan de evaluación de recursos humanos de la Generalitat de Catalunya", *Gestión y Análisis de Políticas Públicas*, n.º 2, xaneiro-abril, páxs. 67-77.
- LUKE, JEFFREY S. e GERALD E. CAIDEN (1989): "Coping with global interdependence", en James L. Perry, (ed.), *Handbook of public Administration*, San Francisco, Jossey Bass, páxs. 83-93.
- MARCH, JAMES E. (1990): *Decisions and Organizations*, Oxford, Basil Blackwell.
- MARCH, JAMES E. e Joan P. Olsen (1983): "Organizing Political Life: What Administrative Reorganization Tell Us about Government", *American Political Science Review*, n.º 2, vol. 77, xuño, páxs. 281-296.
- MÁRQUEZ, GUILLERMO (1995): "La simplificación administrativa en el proceso de modernización de la Administración Pública", *Comunicación á "Xornada de estudio sobre simplificación administrativa"*, EGAP, Santiago de Compostela, (mimeografado).
- MATTARELLA, BERNARDO GIORGIO (1993): "La Codificazione del Diritto: Riflessione sulla esperienza francese contemporanea", *Rivista Trimestrale di Diritto Pubblico*, n.º 4, año XLIII, páxs. 1035-1061.
- MEILÁN, JOSÉ L. (1993): "Estado autonómico e administracións públicas", en Xaime Rodríguez-Arana e Francisco J. Serna, (eds.), *Administración Única. Relatorios das Xornadas celebradas en setembro de 1992 na EGAP*, EGAP, Santiago de Compostela, páxs. 115-136.
- MERTON, ROBERT K. (1992): *Teoría y estructura sociales*, 3ª edic., México, Fondo de Cultura Económica (trad. de *Social Theory and Social Structure*, 3ª edic., Nova York, The Free Press, 1968).

- METCALFE, LES e SUE RICHARDS (1989): *La modernización de la gestión pública*, Madrid, Instituto Nacional de Administración Pública (trad. de *Improving Public Management*, London, Sage, 1987).
- MISES, LUDWIG VON (1974): *Burocracia*, Madrid, Unión Editorial (trad. de *Bureaucracy*, 2ª edic., Yale University Press, 1962).
- NIETO, ALEJANDRO (1989): "Reforma administrativa y modernización de la Administración pública: ¿un problema pendiente?", en Instituto Vasco de Administración Pública, *Modernización Administrativa*, Oñati, páxs. 101-115.
- (1992): "La reforma de la Administración pública", *Revista Vasca de Administración Pública*, n.º 34-II, setembro-diciembre, páxs. 145-157.
- (1996): "Las experiencias de modernización en España", *Revista Vasca de Administración Pública*, n.º 45-II, maio-agosto, páxs. 63-74.
- NISKANEN, WILLIAM A. JR.: (1971), *Bureaucracy and Representative Government*, Aldine Publishing Company, Chicago.
- OLMEDA, JOSÉ A. (1988): *Las Fuerzas Armadas en el Estado franquista: Participación política, influencia presupuestaria...*, El Arquero, Madrid.
- OSBORNE, DAVID e TED GAEBLER (1994), *La reinención del gobierno. La influencia del espíritu empresarial en el sector público*, Barcelona, Edic. Paidós (trad. de *Reinventing government. How the entrepreneurial spirit is transforming the public sector*, Reading, Mass., Addison-Wesley Publ. Co. 1992).
- PAGE, EDWARD C. (1992): *Political Authority and Bureaucratic Power*, 2ª edic., London, Harvester-Wheatsheaf.
- PETERS, B. GUY (1991): "The European Bureaucrat: The Applicability of 'Bureaucracy and Representative Government' to Non-American Settings", en André Blais e Stéphane Dion (eds.), *The Budget-Maximizing Bureaucrat*, University of Pittsburgh Press, páxs. 303-353.
- (1992): "Public Policy and Public Bureaucracy", en Douglas E. Ashford, (ed.), *History and Context in Comparative Public Policy*, Pittsburgh, University of Pittsburgh Press, páxs. 283-315.
- POLLITT, CHRISTOPHER (1993): *El gerencialismo y los servicios públicos* (trad. española), Madrid, Instituto de Estudios Fiscales. Porter, Michael E. (1990): *The Competitive Advantage of Nations*, London/Basingstoke, Macmillan.
- PRECEDO, ANDRÉS (1993), "Las propuestas de división territorial en Galicia", en Xosé R. Barreiro Fernández e Pablo González Mariñas, (eds.), *Historia da Administración Pública. Relatorios e comunicacións presentados...*, EGAP, Santiago de Compostela, páxs. 225-250.
- QUERMONNE, JEAN-LOUIS (1985), "Les politiques institutionnelles: Essai d'interprétation et de typologie", en Madeleine Grawitz e Jean Leca, (eds.), *Traité de science politique*, vol. 4, *Les politiques publiques*, París, PUF, páxs. 61-88.
- RAMIÓ, CARLES e JOAN SUBIRATS (1996), "Los aparatos administrativos de las Comunidades Autónomas (1980-1995): Entre el mimetismo y la diferenciación", *Revista Vasca de Administración Pública*, n.º 45-II, maio-agosto, páxs. 151-181.
- RICHARDS, SUE (1992): "Changing Patterns of Legitimation in Public Management", *Public Policy and Administration*, n.º 3, vol. 7, invierno, páxs. 15-28.
- (1994): "El paradigma del cliente en la gestión pública" (trad. de "Who Defines the Public Good? The Consumer Paradigm in Public Management", Working paper, Public Management Foundation, 1992), *Gestión y Análisis de Políticas Públicas*, n.º 1, setembro-diciembre, páxs. 5-16.

- RIGBY, DARRELL (1993), "The secret history of process of reengineering", *Planning Review*, abril, páxs. 24-27.
- RODRÍGUEZ-ARANA, JAIME (1993), (ed.), *O sector público económico galego*, EGAP, Santiago de Compostela, EGAP.
- RODRÍGUEZ-ARANA, JAIME e MANUEL AGUILAR (1994): "Régimen de los organismos autónomos de la Comunidad Autónoma de Galicia", en A. Pérez Moreno, (ed.) *Administración instrumental. Libro homenaje a Manuel Francisco Clavero Arévalo*, Civitas, Madrid, páxs. 1673-1684.
- RODRÍGUEZ-ARANA, JAIME e MIGUEL A. BASTOS BOUBETA (1996), "Sobre la formación en el sector público", *Revista Aragonesa de Administración Pública*, n.º 8, xuño, páxs. 235-252.
- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, DOSITEO (1991): "A Administración pública galega", en XAIME RODRÍGUEZ-ARANA, (ed.), *Estudios sobre o Estatuto galego. X aniversario da promulgación do Estatuto*, EGAP, Santiago de Compostela, páxs. 391-398.
- (1994): "Principios inspiradores do Proxecto de Lei de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio da Función Pública de Galicia", en Mariano Baena del Alcázar, *A reforma da Función Pública galega. Relatorios da Xornada de estudo sobre o Proxecto...*, EGAP, Santiago de Compostela, páxs. 11-22.
- SERNA, FRANCISCO J. (1993): "Administración única para Galicia: unha proposta aberta", en Xaime Rodríguez-Arana e Francisco J. Serna (eds.), *Administración Única. Relatorios das Xornadas celebradas en setembro de 1992 na egap*, EGAP, Santiago de Compostela, páxs. 27-42.
- (1994): "Os ordenamentos xurídicos autonómicos: problemática da súa configuración e integración", en Constantino Alvarellos, Francisco J. Serna e Guy Braibant, *Codificación normativa*, EGAP, Santiago de Compostela, páxs. 41-61.
- SUBIRATS, JOAN (1990): "Modernizing the Spanish Public Administration or Reform in Disguise", *Working papers*, n.º 20, Barcelona, Institut de Ciències Polítiques i Socials .
- SUBIRATS, JOAN e RICHARD GOMÁ RICARD (1993), "Gestión pública y reforma administrativa en los 90: nuevos retos y oportunidades", en Izquierda Unida, *Administraciones y Servicios Públicos. ¿Reforma o privatización?*, Madrid, páxs. 63-71.
- TROSA, SYLVIE (1992): "La modernisation est-elle evaluable?", *Politiques et Management Public*, n.º 4, vol. 10, decembro, páxs. 65-83.
- VÁZQUEZ ARES, (1994): "Calidade total na Administración Pública e o Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos", comunicación presentada al "Seminario sobre Xestión de Calidade nas Administracións Públicas", Santiago de Compostela, 1994 (mimeografado).
- VEBLEN, THORSTEIN (1904): *The Theory of Business Enterprise*, New York, Charles Schibners Sons, citamos por reimpr. facsimilar, Clifton, Augustus M. Helley Publ. 1973.
- VILAS NOGUEIRA, J.(1993): "A Administración pública no proceso estatutario de Galicia na II República", en Xosé R. Barreiro Fernández e Pablo González Mariñas (eds.), *Historia da Administración Pública*, EGAP, Santiago de Compostela, páxs. 313-328.
- VILLORIA, MANUEL (1994): "El fenómeno modernizador en la Administración de la Comunidad de Madrid", *Autonomies*, n.º 18, páxs. 147-172.
- (1996): "La modernización de la Administración central en España", *Revista Vasca de Administración Pública*, n.º 45-II, maio-agosto, páxs. 95-115.

WRIGHT, VINCENT (1995): "The Paradoxes of Administrative Reform", en Walter J.M. Kickert, (ed.), *Public Management and Administrative Reform in Europe*, Cheltenham, UK/Lyme, US, Edward Elgar, páxs. 7-13.

YEBRA, PERFECTO (1993): "A Administración na doutrina galeguista", en Xosé R. Barreiro Fernández e Pablo González Mariñas, (eds.), *Historia da Administración Pública.*, EGAP, Santiago de Compostela, páxs. 281-312.

A exposición de motivos das normas: reflexións a corrente cálamó

Profesor titular de dereito
administrativo.
Universidade de Santiago
de Compostela

Pablo González Mariñas

1. Introducción

Non adoitan as exposicións de motivos das normas suscitar demasiada atención entre os administrativistas, a pesar da tradición coa que o tema conta na filosofía xurídica e a pesar tamén da peculiar complexidade da elaboración e da expresión da produción normativa deste carácter.

A lectura do estudio de Carolina Rovira Flórez de Quiñones, "Valor y función de las Exposiciones de Motivos en las normas jurídicas", (1972), que, malia a data de publicación, segue rendendo evidente utilidade, pon de manifesto moitos dos problemas que aquelas formulan con carácter xeral. Hoxe en día, sen embargo, a cuestión, cando se trata, adoita abordarse dende o enfoque máis utilitario da moderna "técnica lexislativa". Pero, aínda dentro dela, non se lles outorga ás exposicións de motivos especial atención.

Iso non é estraño se se considera a súa falta de carácter normativo e, sobre todo, se se atende ós resultados do uso frecuentemente torpe ou incorrecto destas, que lles resta valor e utilidade.

Entendo, sen embargo, que tal desatención é inconveniente, polo menos por dúas razóns. Dunha parte, porque o preámbulo dunha lei é, ou debe ser, a expresión das razóns que levaron a dictala. Non só iso, como se verá, pero ante todo iso e, en consecuencia, un instrumento revelador dun exercicio democrático e transparente do poder normativo; un exercicio non críptico, escuro ou arbitrario, senón que explica as súas medidas, para afastarse da simple imposición sen máis, aínda que aquí esteamos falando do por natureza prepotente poder legislativo. E, doutra parte, dígase o que se diga, porque as exposicións de motivos, se se elaboran correctamente, achegan un alto valor interpretativo da norma que non debe ser desbotado. Resultaría absurdo que por un uso en ocasións incorrecto ou carente de rigor se abolise unha parte para min substancial do texto legal (ou normativo doutro rango).

A lei, ademais, debía ser “unha resposta legislativa efectiva ás esixencias constitucionais, estatutarias e de necesidade social no fomento, promoción e protección da cultura física e o deporte”².

A Lei do deporte sitúase por todo isto no vértice no que se corta a oportunidade da súa promulgación e o seu propio contido material. Contido material que, dende un punto de vista competencial, constitúe o obxecto dos comentarios que seguen a continuación.

II.

Comentario ó Título II: das competencias das administracións públicas

1. Introducción

O deporte –ou o feito deportivo, por empregar a expresión da lei– non é alleo ó modelo de distribución territorial introducido pola Constitución de 1978. O encargo que lles realizan os poderes públicos dentro dos “principios rectores da política social e económica” con respecto á promoción do deporte supón o reconecemento do seu valor social e a necesidade do seu fomento, pero non significa predeterminalos suxeitos que deben cumprilo. O constituínte de 1978 non efectuou ningunha declaración de atribución estatal da materia deportiva, senón que libremente permitiu que a asumisen as comunidades autónomas (en adiante, CCAA) se así o facían nos seus respectivos estatutos de autonomía. Invitación que tivo unha aceptación unánime e expresada con relación a Galicia no artigo 27.22 do seu estatuto.

² Cfr., BARRIO GARCÍA, *op. cit.*, páx. 140.

A partir desa habilitación estatutaria Galicia desenvolveu mediante a Lei 11/1997, xeral do deporte de Galicia, do 22 de agosto, a súa regulación deportiva.

A Lei do deporte de Galicia concédelle unha grande importancia á cuestión competencial. Así, un dos piares que sustenta a política deportiva "clara e concisa" que se persegue é o dunha delimitación das competencias das administracións públicas e as funcións das entidades deportivas.

As premisas das que se parte no apartado de competencias exprésanse na súa exposición de motivos. Textualmente dise:

"Esta lei parte de que a raíz da Constitución de 1978 é ás comunidades autónomas ás que lles corresponden as competencias en canto ó feito deportivo, na súa totalidade, no seu propio ámbito territorial e, por iso, correspóndelles determinar en qué consisten as competencias concretas das restantes entidades e administracións en materia deportiva, sen prexuízo do que a lexislación estatal dispón sobre a materia.

Unha vez que a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva e plena no sector deportivo e o municipio e a provincia teñen reservado un campo de actuación nel a través da Lei de bases de réxime local, a Comunidade Autónoma está plenamente facultada para utilizar, na súa lexislación os criterios de redistribución de competencias que coide oportunos, o cal se levará a cabo a través desta lei, establecéndose claramente as competencias que lles correspondan ás provincias e ós concellos dentro da política deportiva xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e á cal as ditas entidades locais deberán someterse no exercicio das súas competencias na materia.

É especialmente importante establecer unha coordinación entre a Xunta e as entidades locais en materia de instalacións e actividades deportivas.

O exercicio da competencia da Comunidade Autónoma levarase a cabo de acordo cos principios de coordinación, colaboración, descentralización e eficacia en relación coas demais administracións públicas e cos entes deportivos".

Son, pois, varias as cuestións que se recollen e que se van desenfiando a continuación.

2. Sobre a competencia exclusiva no deporte

A. O entendemento da exclusividade

A decisión do constituínte de non lle reservar *expressis verbis* competencias ó Estado, no deporte, condiciona o réxime competencial aplicable. Toda operación de deslindamento competencial que se realice nesta materia debe partir do título auto-

nómico de exclusividade, en canto regra específica asumida estatutariamente. Agora ben, o feito de que tódalas CCAA asumiron a competencia exclusiva sobre a materia deportiva non impide que o Estado interveña apoiándose noutros títulos competenciais.

O concepto de exclusividade ha de entenderse nos seus xustos termos, pois ha de coexistir con aqueloutras competencias que o Estado desempeñe en virtude do artigo 149.1 da Constitución, o exercicio da cal validamente pode condiciona-las competencias das CCAA sobre o sector material concreto. Xunto co título prevalente e específico de competencia autonómica –deporte ou promoción do deporte– existen unha pluralidade de títulos estatais concorrentes, uns de carácter xeral e outros provenientes de sectores materiais específicos, que actúan como límites daquel³. Debe producirse, polo tanto, unha integración sistemática da competencia autonómica exclusiva no deporte con aqueloutras estatais sen perder, por isto, a perspectiva da exclusividade. Ó fin de preceptos concretos tratarase esta converxencia de títulos, como se apreciará máis adiante⁴.

B. O alcance da exclusividade

A exclusividade permítelles ás CCAA defini-la súa propia política deportiva. O límite último dese desenvolvemento vén marcado polo respecto en xeral ó ordenamento xurídico e ó seu propio ámbito competencial.

Dentro deste contexto o lexislador autonómico pode establecer un novo marco territorial e organizativo na prestación dos servicios deportivos. A lexislación autonómica comparada

³ Como se expresa na Lei murciana do deporte, a exclusividade “implica a plenitude da función lexislativa, a cal terá que exercerse, segundo reiterada doutrina do Tribunal Constitucional, para o cal se terá en conta non só os límites do espacio territorial propio e, no seu caso, persoais, senón tamén os que resulten doutros títulos competenciais asignados ó Estado que teñen relación directa ou indirecta coas materias adxudicadas con carácter exclusivo ás comunidades autónomas”.

⁴ A exposición de motivos da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, ó xustifica-los títulos que lle permiten ó Estado dictar esta lei cando a competencia foi xa asumida polas comunidades autónomas, dá conta desta situación. “Se a atribución de competencias sobre deporte ou promoción do deporte se atopa explícita nos diferentes estatutos de autonomía –e por iso esta lei non trata de realizar operacións de redistribución competencial que non lle corresponden– non é menos certo, en primeiro lugar, que semellante atribución ha de poñerse en conexión estricta cos ámbitos territoriais das respectivas comunidades autónomas, e en segundo lugar, que o deporte constitúe unha materia –por empregar termos constitucionais– sobre a que sen dúbida inciden varios títulos competenciais. Neste sentido, son varias as actuacións coordinadas e de cooperación entre a Administración do Estado e a das comunidades autónomas para aquelas competencias concorrentes que sen dúbida propiciarán unha política deportiva máis dinámica e con efectos multiplicadores”.

amosa os distintos modelos polos que se optou. Ben pode existir unha descentralización por parte da CCAA noutros entes infracomunitarios –provincias, comarcas– ou, pola contra, intervir centralizando determinadas prestacións ou servicios⁵. Ambas son opcións de política lexislativa que cada CA pode asumir en función das súas necesidades ou intereses. Con respecto dos límites antes ditos e especialmente o mínimo da autonomía local, o *quantum* da intervención autonómica é, pois, unha cuestión de política lexislativa que deberá determinar cada CA.

As mesmas razóns e condicionamentos –propios do significado da competencia exclusiva– permiten tamén que a lexisla-

⁵ Das leis deportivas autonómicas destacan neste punto as leis de Cataluña, do País Vasco e a de Castela-León. A tradición comarcal en Cataluña é evidente. Por iso, e participando desa tradición, a disposición adicional segunda da súa lei do deporte establece que:

“A Administración da Xeneralidade asumirá, en virtude da presente lei, as competencias que exerceron con anterioridade as deputacións provinciais en materia de actividade física e deporte. A dita atribución de competencias comportará a transferencia dos medios materiais e personais afectos ós servicios e ós organismos correspondentes, así como dos correspondentes recursos económicos...” (enumeráanse a continuación os servicios e os recursos que se lle transfiren á Xeneralidade).

E é no artigo 39 onde se establecen as funcións que deberán desenvolver as comarcas:

“Corresponderalles ás comarcas como entidades locais supramunicipais:

- a) Promover e difundir a actividade física e o deporte no seu respectivo territorio.
- b) Coordina-la utilización das instalacións deportivas públicas de uso comarcal.
- c) Cooperar cos municipios e coas entidades deportivas na promoción da actividade física e o deporte.
- d) Construír, ampliar e mellorar instalacións deportivas de interese comarcal.

e) Subministra-los elementos necesarios para establece-las determinacións do Plan director de instalacións e equipamentos deportivos de Cataluña, os cales deberán de referirse, como mínimo, á estimación dos recursos disponibles e ás necesidades e ó déficit do ámbito territorial correspondente.

f) Participar na elaboración e na execución dos programas da Xeneralidade que teñan por obxecto o financiamento da construción, a ampliación e da mellora de instalacións deportivas, dos que serán beneficiarios os entes locais. (Vid., a Sentencia do Tribunal Supremo do 21 de abril de 1997, Arzdi. 3361).

Visión distinta é a do País Vasco onde -tamén aquí pesa a tradición- se lle outorga grande importancia ós territorios históricos. Así, o artigo 52 da súa lei deportiva establece:

“Correspóndelles ós órganos forais dos territorios históricos, no ámbito do seu respectivo territorio:

- a) O desenvolvemento normativo e a execución da lexislación da Comunidade Autónoma para o fomento do deporte.
- b) A elaboración, aprobación e a execución, esta última en coordinación coas administracións municipais, de programas de deporte escolar e de deporte para todos, en desenvolvemento da lexislación das comunidades autónomas.
- c) A elaboración, tramitación no seu caso, aprobación e execución dos instrumentos de ordenación do territorio de equipamentos deportivos; nos termos establecidos na lexislación vixente de ordenación do territorio e ordenación urbana.
- d) A promoción de municipios de escasa demografía e a creación de consorcios de concellos, con servicios e programas comúns para o fomento do deporte.
- e) A asistencia e o impulso ás federacións territoriais e ós clubs e agrupacións domiciliadas no seu territorio, concédese para o efecto as subvencións económicas que se vulguen oportunas, controlando e fiscalizando a adecuación destas ás finalidades propias para cada unha delas.
- f) O establecemento de criterios racionais que sinalen a pauta que se seguirá na concesión de subvencións ás federacións deportivas territoriais. Os órganos forais comunicaranlles estes criterios ó Goberno Vasco.

Vese claramente cómo se produce un aumento das competencias dos entes forais provinciais desenvolvendo e executando a lexislación autonómica e incluso con posibilidades de impoñerlles determinadas actuacións ós municipios.

Pola súa parte, a Lei de Castela-León transfire tanto a titularidade como a xestión das instalacións deportivas que sexan propiedade das Comunidade Autónoma ós municipios de máis de 20.000 habitantes e ás deputacións provinciais cando aquelas radiquen nos seus respectivos territorios. Cfr., o seu artigo 26.

O que interesa destacar é que son visións distintas de ordenación territorial autonómica coa finalidade clara de adaptación á realidade social de cada territorio e expresión clara de cómo cada autonomía opta por un sistema de xestión distinta en atención ós seus propios intereses.

ción deportiva autonómica utilice distintos criterios de “redistribución de competencias”. No plano xurídico non existe para as corporacións locais un modelo uniforme de competencias en materia de deporte⁶. Distinto é que a “natureza das cousas”, a conveniencia técnica e a racionalidade da xestión administrativa, imponha determinados modelos de política deportiva e lle condicione a atribución de competencias ás distintas administracións, pero sen unha predeterminación normativamente imposta.

Por outra parte, a lei emprega a expresión de “feito deportivo”. Nun plano competencial interesa discerni-lo ámbito desa expresión por condiciona-lo alcance da competencia autonómica. Dado que a lei segue as teses de Alonso García no seu traballo “Las competencias de los entes locales en materia de deporte” –o cal copia literalmente na súa exposición de motivos– procede asumilo contido que lle atribúe este autor como interpretación “auténtica” da lei.

Con esa locución faise referencia “á posible lexislación sobre tódolos aspectos do fenómeno deportivo como tal sen necesidade de invocar outro título competencial específico”⁷.

3. Os límites á competencia exclusiva no deporte

A. Títulos xerais

a. Ámbito territorial

As competencias de cada CA deben entenderse referidas ó ámbito físico que constitúe o seu territorio. O territorio actúa, pois, como límite ou condición de validez do exercicio das competencias autonómicas, o que se xustifica pola “necesidade de facer compatibles o exercicio simultáneo das competencias asumidas polas distintas comunidades”⁸. A súa funcionalidade xeral no armazón de distribución de competencias operada pola Constitución, os estatutos de autonomía e as demais leis integradas no bloque da constitucionalidade, é a de configurarse como elemento delimitador das competencias dos poderes públicos territoriais e, en concreto, como delimitador das competencias das CCAA na súa relación coas demais comunidades e co Estado⁹.

En materia deportiva, a limitación da actividade autonómica de promoción do deporte ó territorio pode presentar algúns problemas; así, naquelas CCAA nas que pervivan deportes autóctonos e se intente promocionalos máis alá do seu ámbito territorial. Non parece que esta situación presente problemas no

⁶ Cfr., E. ALONSO GARCÍA, “Las competencias deportivas de los entes locales”, en *Tratado de Derecho Municipal*, Director S. MUÑOZ MACHADO, Civitas, Madrid, 1988, páx. 1403.

⁷ Cfr., páx. 1380, a nota.

⁸ Cfr., STC 44/1984, f. x. 2º.

⁹ Cfr., STC 99/1986, f. x. 4, reiterado na STC 132/1996, do 22 de xullo, f. x. 4º.

caso de Galicia por non ser este un suposto frecuente na nosa comunidade. Distinto é no caso do País Vasco, Cataluña, Castela-León ou Valencia¹⁰, onde as súas leis autonómicas explicitamente se reservan esta posibilidade. En todo caso, os acordos e convenios de colaboración entre CCAA –expoñentes do principio de colaboración, como se verá máis adiante– son a vía oportuna para dotar de validez a estas accións.

Por outra parte, o deporte presenta unha natureza supraterritorial. O modo en que este carácter supracomunitario lles afecta ás competencias autonómicas é unha cuestión debatida no seo do propio Tribunal Constitucional (en adiante TC). Unha corrente –aínda minoritaria– restrinxe a afectación competencial que se produce cando se dá esa circunstancia supraautonómica. Dise “cando o fenómeno obxecto das competencias autonómicas se estende ó longo do territorio de máis dunha Comunidad Autónoma, [non pode concluírse que] estas perdan en todo o caso e automaticamente a competencia sobre a parte dese obxecto situado no seu ámbito territorial e a titularidade desta deba trasladarse necesariamente ó Estado, sen que deba xustificarse a necesidade deste traslado”¹¹. Esta liña –non asumida polo Pleno– convén non perderla de vista en canto á evolución xurisprudencial previsible, parece conducir ó seu establecemento como doutrina constitucional¹². De ser así iso tería importantes repercusións no ámbito deportivo ó cuestionar certas actividades estatais que precisarían dunha maior xustificación.

¹⁰ A Lei valenciana do deporte di con respecto a isto que os deportes autóctonos “forman parte da nosa idiosincrasia como pobo, contribúen a vertebrar-la nosa Comunidade cun claro engarzamento coa historia e as nosas máis sentidas tradicións, mais, á vez, cun presente e cun futuro que debemos garantir como legado ás xeracións futuras”.

¹¹ Voto particular que formula C. Viver Pi-Sunyer ó que se adhiren P. Cruz Villalón e R. de Mendizábal Allende á STC 330/1994, do 15 de decembro, en relación coa Lei 9/1992, do 30 de abril, de mediación de seguros privados.

¹² Como se afirma nese mesmo voto particular: “a titularidade da competencia controvertida só poderá trasladarse ó Estado cando, ademais do alcance territorial supraautonómico do obxecto da competencia, a actividade pública que sobre el se exerza non sexa susceptible de fraccionamento (e, aínda neste caso, cando a dita actuación non poida levarse a cabo mediante mecanismos de cooperación, de coordinación ou auxilio entre comunidades autónomas ou entre estas e o Estado –se se trata de comunidades que carezan de competencias sobre a materia–) senón que requira a súa atribución a un único titular –que forzosamente debe ser o Estado– ou cando sexa necesario recorrer a un ente con capacidade de integrar intereses contrapostos de varias comunidades autónomas. Mecanismos deste tipo atópanse xa previstos, por exemplo, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (u.gr. art.4) e solucións como a proposta consagráronse xa en leis estatais como a de Industria do 16 de xullo de 1992 (art.15.3)”.

b. A dimensión cultural do deporte

O deporte presenta un contido e é unha manifestación cultural. Esta vinculación ten importantes efectos competenciais. A propia exposición de motivos da Lei estatal do deporte recolle esa tese ó dicir que "a actividade deportiva constitúe unha evidente manifestación cultural, sobre a que o Estado non debe nin pode mostrarse alleo por imperativo da propia Constitución, aínda que só sexa para facilita-la necesaria comunicación entre os diferentes ámbitos autonómicos", o que tamén ten reflexo no seu articulado¹³.

O Estado, dende o artigo 149.2 da Constitución pode levar a cabo determinadas actuacións relativas a materias que teñen contido cultural, aínda que sexan obxecto de competencias específicas atribuídas ás CCAA¹⁴. A anterior conclusión matízase, sen embargo, pois "a competencia sobre cultura non pode converterse nun título universal dende o que poidan realizarse indistintamente todas e as mesmas funcións que poden realizarse dende outras competencias específicas que teñen aspectos culturais, co argumento de que estes aspectos permiten unha intervención superposta e duplicada".

Pois ben, "aceptar que dende a competencia de cultura puidera realizarse, sen ningún límite, calquera actividade de normación ou de execución sería tanto como converter en concorrentes, xa non as competencias sobre cultura, senón a competencia de cultura do Estado con tódalas competencias exclusivas das CCAA con elementos culturais". En definitiva, "a competencia sobre cultura non é, pois, un título que lle permita ó Estado realiza-las mesmas actividades normativas e de execución que teñen atribuídas as CCAA nas moi variadas competencias que teñen contido cultural".

En orde á delimitación de competencias a Constitución diferenciou a cultura e o deporte e asignoulle a este último un tratamento competencial específico e propio (art.148.1.19). Por isto, a intervención do Estado en materia deportiva se se apoia no título cultural debe ter en conta esta distinción, e limitar, pero ó mesmo tempo respetando aquela competencia autonómica específica e exclusiva, e non intervindo xenericamente con base na atribución do artigo 149.2.

A clave sitúase en determinar cál é o ámbito propio da intervención estatal sobre o deporte que pode apoiarse no título de cultura. Esta conexión recae, en principio, sobre o deporte autóctono. En efecto, o engarramento entre cultura e deporte evidénciase máis nos ámbitos do deporte popular e o deporte autóctono, folclórico, de xeito que esta conexión non é tan

¹³ Así o seu artigo 1.2), o teor do cal é o seguinte: "A práctica do deporte é libre e voluntaria. Como factor fundamental da formación e do desenvolvemento integral da personalidade constitúe unha manifestación cultural que será tutelada e fomentada polos poderes públicos".

¹⁴ Cfr., STC 109/1996, f. x. 4º).

¹⁵ Cfr., G. REAL FERRER, *Derecho Público del deporte*, Civitas, Madrid, 1991, páx. 425.

¹⁶ *Ibidem*.

¹⁷ É doutrina consolidada do TC que "nin a subvención é concepto que delimite competencias, nin a facultade de gasto constitúe un título competencial autónomo e implícito, alleo ó sistema de distribución de competencias establecido na Constitución e nos estatutos de autonomía. Polo contrario, o exercicio de competencias estatais, anexo ó gasto ou á subvención, só se xustifica nos casos nos que por razón da materia se reservaran ó Estado, na Constitución ou nos estatutos de autonomía, tales competencias". E así, "a soa decisión de contribuír ó financiamento de determinadas actividades non autoriza ó Estado para invadir competencias que *ratione materiae* lles corresponden ás comunidades autónomas, de modo tal que a decisión haberá de articularse respectando, en todo caso as competencias autonómicas, o que significa que a lexitimidade constitucional do outorgamento de subvencións estatais, así coma o seu réxime normativo e de xestión, está condicionada ó dato de que o Estado posúa competencias para isto na materia de que se trate", STC 188/1989, f. x. 3.

O anterior non significa que o Estado "non poida destinalos seus propios recursos a calquera fin que considere relevante; sen embargo, o respecto da orde constitucional de distribución de competencias de xestión debe adaptarse en cada ámbito material ó repartimento de funcións consagrado na Constitución e nos estatutos de autonomía". Cfr., a STC 108/1996, do 13 de xuño, f. x. 3, que sintetiza a xurisprudencia constitucional neste punto.

¹⁸ Cfr., STC 68/1996, do 18 de abril, f. x. 10.

evidente noutros ámbitos do deporte coma o profesional ou o de alto nivel, onde a intervención do Estado atopa unha maior xustificación. Real Ferrer, manifesta con respecto a isto que "el trasfondo cultural del deporte, su imbricación con la cultura, se encuentra, paradigmáticamente, en el deporte aficionado y, singularmente, en el que se practica como participativa manifestación popular, en cualquiera de sus distintas formas de expresión. Recordemos que es ahí donde integrábase al deporte folklórico o autóctono, en el que el deporte y cultura resultan dimensiones inseparables. Pues bien, esas manifestaciones ya tienen acomodo en las concretas previsiones constitucionales, por lo que queda excluido el impreciso recurso a la cultura como título competencial"¹⁵.

Máis adiante este autor conclúe dicindo que "cabe afirmar que las competencias que, en régimen de concurrencia plena, comparten Estado y Comunidades Autónomas en materia de cultura no amparan, por sí mismas, intervención alguna en el campo del deporte"¹⁶.

c. A potestade estatal de gasto público

A posibilidade que o Estado ten de conceder subvencións a certos sectores ou actividades que sexan do seu interese matízase no seo dun Estado composto. A anterior liberdade enmárcase agora no respecto dos ámbitos competenciais autonómicos que poden verse afectados ou condicionados por aquela actividade incentivadora¹⁷. O Estado non pode esquivar cal sexa o concreto sector material obxecto do financiamento e en calquera relación xurídica subvencional ha de deixar a salvo a posibilidade de que as CCAA, ó exercitaren as súas competencias, orienten a súa acción de goberno en función dunha política de seu¹⁸.

O exercicio da potestade subvencional de gasto público quedou delimitado competencialmente entre o Estado e as CCAA do xeito establecido na STC 13/1992, f. x. 8.

Dos supostos alí contemplados son dous os que interesan en relación co deporte.

En primeiro lugar, cando a CA desempeña unha competencia exclusiva sobre unha materia en concreto e o Estado non invoca título competencial algún -xa xenérico, xa específico- sobre ela. Neste caso o Estado pode decidir asignar parte dos seus fondos orzamentarios a esas materias ou sectores. Pero, dunha parte, a determinación do destino das partidas orzamentarias correspondentes non pode facerse senón de maneira xenérica ou global, por sectores ou subsectores enteiros de actividade, sen ulteriores especificacións sobre o destino para cada axuda en concreto. Por outra parte, eses fondos han de integrarse coma un

recurso que nutre a Facenda autonómica, e consignarase nos Presupostos Xerais do Estado como transferencias correntes ou de capital ás CCAA, de xeito que a asignación dos fondos quede territorializada, de ser posible, nos mesmos Presupostos Xerais do Estado.

Un segundo suposto tamén pode ser de aplicación aquí. Prodúcese cando o Estado posúe un título competencial xenérico de intervención –a consideración do deporte como cultura, por exemplo– que se superpón á competencia exclusiva das CCAA sobre a materia, ou ben ten competencia sobre as bases ou a coordinación xeral dun sector ou materia, e correspóndelles ás CCAA as competencias de desenvolvemento normativo e de execución. Neste suposto, o Estado pode consignar subvencións de fomento nos seus Presupostos Xerais, especificando o seu destino e regulando as súas condicións esenciais de outorgamento ata onde o permita unha competencia xenérica, básica ou de coordinación, pero sempre que lles deixe unha marxe ás CCAA para concretar con maior detalle o seu destino ou afectación ou, polo menos, para desenvolver e complementa-la regulación das condicións de outorgamento das axudas e a súa tramitación. Ademais, a xestión destes fondos correspóndelles ás CCAA de xeito que non poden consignarse, por regra xeral, a favor dun órgano da Administración do Estado ou organismo intermediario desta. Trátase de partidas que deben territorializarse nos propios Presupostos Xerais do Estado se isto é posible ou nun momento inmediatamente posterior, mediante normas que fixen criterios obxectivos de repartimento ou mediante convenios de colaboración axustados ós principios constitucionais e á orde de distribución de competencias¹⁹.

Se se lle aplica esta doutrina ó caso do deporte pode pensarse, por exemplo, nunha orde estatal que, apoiándose na competencia xenérica de cultura, conceda subvencións para o fomento deportivo e que estas dotacións se orzamentasen por disposición exclusiva de instancias centrais reservándolles a estas tamén a súa xestión.

Nun suposto como o presentado deben distinguirse dous aspectos. A atribución estatal en materia de cultura contida no artigo 149.2 da Constitución faculta ó Estado para establecer nesta materia medidas subvencionais de fomento. Agora ben, esa facultade non o habilita para levar a cabo actos de xestión. É dicir, recoñecida esa posible acción estatal de fomento a competencia para tramitar e concede-las subvencións –como acto de xestión– correspóndelles ás CCAA, salvo casos excepcionais motivadamente xustificadas²⁰.

¹⁹ Cfr., a STC 68/1996, f. x. 13, tamén a STC 175/95, do 5 de decembro, f. x. 3, que se remite á STC 13/1992, f. x. 7 e 8b).

²⁰ A xestión centralizada por parte do Estado permítese excepcionalmente cando resulte imprescindible para asegura-la súa plena efectividade dentro da ordenación básica do sector e para garantir iguais posibilidades de obtención e de gozo por parte dos seus potenciais destinatarios en todo o territorio nacional, e evitar, ó mesmo tempo que se sobrepare a contía global dos fondos, que haxan de destinarse ó sector (STC 13/1992, f. x. 8).

Tal e como queda exposto, estas son as limitacións que debe respecta-la acción subvencional do Estado na materia deportiva. Unicamente nos ámbitos desta nos que poida invocar algún título pode determinar de forma máis concreta o destino e as condicións xerais das axudas en cuestión e esgotarse aí –salvo nos supostos excepcionais referidos anteriormente– a súa competencia. O poder de gasto do Estado e o seu señorío sobre os orzamentos queda, pois, modulado no actual Estado autonómico.

B. Afectacións puntuais

Coa regra competencial específica en materia de deporte concorren outros títulos distintos da mesma natureza provenientes doutros ámbitos materiais que, á súa vez, presentan unhas regras propias definidoras da súa competencia. En tales casos, e ante un conflito competencial que se presente, debe examinarse cál das regras concorrentes é a prevalente e, polo tanto, a aplicable. O Tribunal Constitucional debe realizar, polo tanto, como unha das súas primeiras tarefas a de “calificar” as materias, “determinar sempre, en efecto, a categoría xenérica de entre as referidas na Constitución e nos estatutos, á que primordialmente se reconducen as competencias controvertidas, posto que é esta a que fundamentalmente proporciona o criterio para a delimitación competencial” (STC 80/1985, do 4 de xullo).

Os títulos que concorren no deporte, e o estudo dos cales realizamos máis amplamente noutro lugar²¹, polo que unicamente se analizarán aqueles que agora se identifican na Lei do deporte de Galicia, outros, en cambio –como é o caso do título de relacións internacionais– quedan á marxe deste comentario. Así, poden citarse a violencia deportiva, a sanidade, titulacións deportivas, a investigación, o deporte de alto nivel e o asociacionismo deportivo.

a. Violencia deportiva

A prevención da violencia nos espectáculos deportivos pola súa conexión á “seguridade pública” é un título que xustifica a intervención estatal na materia deportiva²². Ó abeiro deste título a Lei estatal 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, no seu título IX, ocúpase da prevención da violencia nos espectáculos deportivos²³.

Neste título IX están presentes as recomendacións do Consello Europeo sobre a violencia e a irrupción de espectadores con motivo de manifestacións deportivas e especialmente de partidos de fútbol que obriga ós firmantes “dentro de los límites de sus disposiciones constitucionales respectivas” a adoptar as medidas necesarias” co fin de previr e sufoca-la violencia e

²¹ Vid., G. BARRIO GARCÍA, *Réxime competencial do deporte. Análise xurídica do deporte en Galicia*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1994, especialmente páxs. 64-103.

²² A seguridade pública defínese na STC 133/1982, do 8 de xuño, como “a actividade dirixida á protección das persoas e dos bens (seguridade en sentido estricto) e ó mantemento da tranquilidade e da orde cidadá, finalidades ámbalas dúas inseparables e mutuamente condicionadas”.

²³ A realidade dos enfrontamentos e traxedias acontecidos como consecuencia de manifestacións deportivas obrigou ós poderes públicos a adoptar mecanismos de prevención desas situacións. Un exemplo disto é a creación –no artigo 60 da Lei 10/90– da Comisión Nacional contra a Violencia nos Espectáculos Deportivos; esta, compónena representantes da Administración do Estado, das comunidades autónomas, da local xunto coas federacións ou ligas profesionais máis afectadas –sobre todo fútbol e en menor medida baloncesto– asociacións de deportistas e por persoas de recoñecido prestixio expertas no ámbito do deporte e da seguridade. As funcións encomendadas a esta comisión detállanse no artigo 60.2 da lei do deporte, o denominador común nesa longa enumeración é o estudo, a prevención, a divulgación e a adopción de medidas de evitación de riscos e a concienciación cidadá co fin de previr-la realización de actos violentos.

as irrupcións de espectadores con motivo de partidos de fútbol²⁴. Tamén se tivo en conta o Dictame da Comisión Especial do Senado sobre investigación da violencia nos espectáculos deportivos con especial referencia ó fútbol²⁵.

O disposto neste alínea é de aplicación para tódalas CCAA con base no título lexitimador da seguridade pública, e admítense, non obstante, a existencia de policía autónomas encargadas de facelos cumprir²⁶.

A Lei galega no seu artigo 11 f) establece como competencia da Comunidade Autónoma de Galicia a de "aplica-las medidas necesarias para evita-la violencia no deporte" e fai expresa mención ós seus límites mediante a referencia que realiza á colaboración coa Administración do Estado.

b. Sanidade deportiva

A protección sanitaria dos deportistas e a loita contra a dopaxe deportiva tamén presentan unha problemática competencial. As referencias da Constitución á materia sanitaria permiten unha certa intervención autónoma nesta materia²⁷.

A sanidade deportiva é susceptible de incluírse no concepto de sanidade interior e, por isto, as CCAA poden desempeñar competencias neste ámbito²⁸. A Lei de Galicia –ó igual que as diferentes leis autónomas– fai referencia á proxección sanitaria dos deportistas. Así, o apartado f) do artigo 11 recolle esta posibilidade, enmarca nun contexto de colaboración co Estado, e concrétese posteriormente a acción pública no seu artigo 47.2.

A Lei do deporte do Estado, pola súa parte, dedícalle o seu título VIII ó "Control de substancias e métodos prohibidos no deporte e seguridade na práctica deportiva", concretamente nos seus artigos 56 a 58, nos que se lle encomenda ó Consello Superior de Deportes –para o que se teñen en conta os convenios internacionais²⁹– a elaboración e a determinación dunhas listas de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos e de métodos non regulamentarios. Neste ámbito tamén se crea a Comisión Nacional Antidopaxe, subordinada ó Consello, a composición e funcións da cal se recollen no artigo 57.2.

Apréciase, pois, cómo o Estado aínda sen dispor competencias deportivas *per se* pode incidir na materia deportiva apoiándose nas súas propias competencias que tamén se reflicten no deporte. O Estado non pode empregar-las títulos sanitarios para interferir nas accións autónomas de promoción deportiva con base en que o fomento do deporte é un medio de mellora da calidade de vida e a saúde dos españois. Isto suporía baleirar de contido a competencia de promoción do deporte asumido po-

²⁴ A data deste é do 19 de agosto de 1985, foi suscrito por España o 3 de febreiro de 1986, e foi ratificado o 22 de xuño de 1986. Lexislación do deporte. CSD e BOE, páx. 1027.

²⁵ Dictame da Comisión especial de investigación da violencia nos espectáculos deportivos, con especial referencia ó fútbol. Servicio de publicacións do Senado. Madrid 1990.

²⁶ A disposición adicional cuarta da Lei 10/1990 lembra que o disposto no título IX se dicta para os efectos do previsto no artigo 149.1.29 da Constitución.

²⁷ As referencias da Constitución en materia sanitaria son as seguintes: artigo 149.1.16: o Estado ten competencia exclusiva nas seguintes materias: (...) -Sanidade exterior. Bases e coordinación xeral da sanidade. Lexislación sobre produtos farmacéuticos. Artigo 148.1.21: as comunidades autónomas poderán asumir competencias nas seguintes materias: (...) Sanidade e hixiene.

²⁸ Sobre os conceptos de "sanidade interior" e "sanidade exterior", *vid.*, a STC 329/1994, do 15 de decembro, especialmente o seu f. x. 2º.

²⁹ O propio Consello Europeo preocupouse por este fenómeno da dopaxe e a súa repercusión nos mozos polo impacto social que adquire a través dos medios de comunicación. *Vid.*, a Resolución do 3 de decembro de 1990 relativa a una acción comunitaria de loita contra o doping, incluído o abuso dos fármacos, en particular do deporte.

Tamén a Resolución do 3 de febreiro de 1992 que reflicte a preocupación do Consello con respecto ós efectos nefastos das drogas sobre a saúde dos deportistas e o espírito da competición leal.

las CCAA. Pero si, e como se advirte, que lle está permitido intervir cando o obxecto e a finalidade das accións estatais sexan propiamente sanitarias e se relacionen co deporte. A prevención dos estimulantes é, pois, un exemplo desa concorrencia de títulos.

c. Titulacións deportivas

A Lei do deporte de Galicia dedícalle –ó igual que as súas homónimas doutras CCAA– un precepto á formación e á acreditación de técnicos deportivos. Nel reflíctense as limitacións competenciais. Restrínxense ó ámbito territorial de Galicia e faise expresa salvidade das competencias estatais.

En materia de titulacións o Estado ten competencia exclusiva na regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais, a teor do artigo 149.1.30³⁰.

O anterior non impide que as CCAA poidan desenvolver unha normativa propia con respecto disto. Na xurisprudencia do Tribunal Constitucional afirmase a irrelevancia constitucional respecto de certo tipo de titulacións que habiliten para o exercicio de actividades en ámbitos autonómicos:

“É así posible que, dentro do respecto debido ó dereito ó traballo e á libre elección de profesión ou oficio (art.35 CE), e como medio necesario para a protección de intereses xerais, os poderes públicos interveñan no exercicio de certas actividades profesionais, someténdoa á previa obtención dunha autorización ou licenza administrativa ou á superación de certas probas de aptitude. Pero a existencia de tales requisitos, autorizacións, habilitacións ou probas non é, de ningún xeito, equiparable á creación ou regulación dos títulos profesionais ós que se refire o artigo 149.1.30 CE, nin garda relación coa competencia que este precepto constitucional lle reserva ó Estado”³¹.

d. Investigación deportiva

Fóra do apartado de competencias, o título VI da lei refírese tamén no seu artigo 60 á formación e investigación deportiva. No fomento da investigación concorren tanto as comunidades autónomas coma o Estado, ó que se lle atribúe a coordinación da investigación científica e técnica.

A Lei 13/1986, do 14 de abril, regula a investigación de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

A función de coordinación en materia investigadora que se lle encomenda ó Estado asegúrase por medio da creación da “Comisión Interministerial da Ciencia e Tecnoloxía” (CICET), que a integran representantes dos distintos ministerios con responsabilidades na materia e presídea o ministro de Educación e Ciencia. Outros órganos que considera a lei son o Consello

³⁰ A actual Lei do deporte estatal ocúpase da cuestión no seu artigo 55: “O Goberno, por proposta do Ministerio de Educación e Ciencia, regulará as ensinanzas dos técnicos deportivos, segundo as esixencias marcadas polos distintos niveis educativos, así como as condicións de acceso, programas, directrices e planos de estudio que se establezan.

A formación dos técnicos deportivos poderá levarse a cabo en centros recoñecidos polo Estado ou, no seu caso, polas comunidades autónomas con competencias en materia de educación, así como polos centros docentes de ensinanza militar en virtude dos convenios establecidos entre os ministerios de Educación e Ciencia e Defensa.

As condicións para a expedición de títulos de técnicos deportivos estableceráas o Ministerio de Educación e Ciencia.

As ensinanzas ás que se refire o presente artigo terán valor e eficacia en todo o territorio nacional.

As federacións deportivas españolas que impoñan condicións de titulacións para o desenvolvemento de actividades de carácter técnico, en clubs que participen en competicións oficiais deberán aceptar as titulacións expedidas polos centros legalmente recoñecidos”.

³¹ Cfr., STC 118/1996, do 27 de xuño f. x. 24.

Asesor para a Ciencia e a Tecnoloxía e o Consello Xeral da Ciencia e da Tecnoloxía.

Sobre esta materia o Tribunal Constitucional pronunciouse do seguinte xeito³²:

“O fomento da investigación científica e técnica é, como determinado en razón dun fin, susceptible de ser utilizado respecto de calquera xénero de materias con independencia de cal sexa o titular da competencia para a ordenación destas. Doutro xeito, en efecto, pola simple sustracción das materias sobre as que as comunidades autónomas adquiriron competencias o título competencial que se reserva o Estado, como competencia exclusiva, o fomento da investigación científica e técnica quedaría, como di o avogado do Estado, baleirado de todo contido propio, sen que caiba restrinxir de ningún modo o concepto de «fomento da investigación» ó apoio de actividades directamente conducentes a descubrimentos científicos ou avances técnicos, pois tamén a divulgación dos resultados obtidos é, sen dúbida, un medio de fomentar e de coordinar-la investigación”.

e. Deporte de alto nivel

As CCAA poden regular tamén o deporte de alto nivel dentro do seu ámbito territorial e de competencias. Neste sentido, a Lei do deporte de Galicia no seu artigo 47.3 refírese a estes deportistas, aínda que non determina nin define esta categoría deportiva. Segundo o artigo 50 da Lei 10/90 caracterízase porque “permite unha confrontación deportiva coa garantía dun máximo rendemento e competitividade no ámbito internacional”. Este tipo de deporte “considérase de interese para o Estado, en tanto que constitúe un factor esencial no desenvolvemento deportivo, polo estímulo que supón para o fomento do deporte base, en virtude das esixencias técnicas e científicas da súa preparación e pola función representativa de España nas probas ou competicións deportivas oficiais de carácter internacional” (art. 6.1). A estes deportistas procuraránselles “os medios necesarios para a preparación técnica e o apoio científico e médico dos deportistas de alto nivel, así como a súa incorporación ó sistema educativo e a súa plena integración social e profesional” (art. 6.2), establecendo o artigo 53 as medidas concretas de aplicación.

A selección destes deportistas atenderá a uns criterios tales como “clasificacións obtidas en competicións ou probas deportivas internacionais, a situación do deportista en listas oficiais de clasificación deportiva, aprobadas polas federacións internacionais correspondentes, condicións especiais de natureza técnico-deportiva verificadas polos organismos deportivos.” (art. 52).

³² STC 53/88, do 24 de marzo.

A Lei de Galicia prevé unha coordinación coa Administración estatal para a promoción e o apoio ó deporte de alto nivel no seu ámbito territorial propio para o que establece programas de preparación conxuntos para coordina-la asignación de beneficios e axudas³³. Por esta concorrencia, a referencia ó apoio do deporte de elite no marco autonómico debe atender especialmente ó que non presenta un carácter profesional, como acontece con frecuencia no deporte feminino.

A actuación das CCAA é de apoio a estes deportistas considerando esta cualificación como mérito avaliable tanto para as probas de selección para as prazas relacionadas coa actividade deportiva correspondente –como pode se-lo acceso ós INEF–, coma nos concursos para a provisión de postos de traballo relacionados con aquela actividade. No ámbito da función pública é onde esta previsión cobra a súa eficacia e se recolle o establecido na Lei estatal do deporte ó abeiro do artigo 149.1.18 sobre a competencia do Estado para defini-las bases do réxime xurídico das administracións públicas onde se insire aquilo que se relacione coa función pública, como acontece neste caso.

Tamén se recolle a posibilidade dunha cualificación propia de deportistas de alto nivel no ámbito de Galicia.

f. Asociacionismo deportivo

O asociacionismo deportivo conéctase directamente co dereito fundamental de asociación recoñecido no artigo 22 da Constitución. O seu apoio nun dereito fundamental de primeiro nivel ten unha incidencia especial, en canto o artigo 149.1.1 lle outorga competencias ó Estado para asegura-la igualdade das condicións xurídicas básicas entre tódolos españois.

A xurisprudencia do Tribunal Constitucional matizou o alcance competencial propio do establecemento das condicións básicas ás que se refire este precepto. Non é sinónimo de bases ou de lexislación básica para garanti-la igualdade no exercicio dos dereitos fundamentais, nin tampouco se identifica co contido esencial dos dereitos. O artigo 149.1.1 “non vén a ser un traxunto, no plano competencial, do artigo 14 da Constitución española que, polo demais, vincula a tódolos poderes públicos”. Este título estatal non representa, pois, unha sorte de prohibición para o lexislador autonómico dun trato diverxente e desproporcionado respecto da lexislación estatal”, (cfr., STC 61/1997, do 20 de marzo, f. x. 7).

O asociacionismo deportivo, en canto forma especial e modalidade de asociación, pode ser regulado por lei ordinaria, sempre que esta respecte o seu contido esencial e tamén o propio da lei orgánica que sobre este dereito fundamental se dicte³⁴. Res-

³³ Cfr., os artigos 3.5 e 47.3.

³⁴ Cfr., a STC 67/1985

pectando ese mínimo constitucional as CCAA poden regula-lo sector das asociacións deportivas autonómicas como realiza o artigo 10 da Lei de Galicia.

4. Os instrumentos de colaboración interadministrativa

A lei emprega en numerosas ocasións as expresións colaboración, coordinación ou cooperación cando se refire ás relacións entre administracións públicas competentes en materia deportiva e, mesmo, coas asociacións deportivas.

A idea central que subxace baixo estas expresións é a de favorecer unha aplicación normativa sen conflitos procurando que os interesados se involucren e participen –logo sinalará en qué grao– no deseño e execución da política deportiva. É mostra, ademais, da preferencia das administracións públicas por unhas técnicas de intervención afastadas do establecemento unilateral de medidas dada a maior vocación arbitral e de composición de intereses que adoitan caracterizalas actualmente.

A colaboración –nunha primeira aproximación– pode concibirse coma o deber de tódalas administracións públicas de ponderar e de respectar, nas súas respectivas actuacións, a totalidade dos intereses públicos implicados e, en concreto, os intereses particulares e lexítimos, a xestión dos cales lles estea encomendada ás demais administracións públicas³⁵.

A formulación abstracta de tales principios necesita unha posterior plasmación concreta para a súa efectividade. Esta aplicación real debe producirse, polo tanto, en preceptos singulares que se refiran ás relacións da Administración con outros suxeitos implicados na materia deportiva. O seu alcance tamén vén determinado pola técnica que se utilice pois, aínda que se utilicen como sinónimos, os termos arriba aludidos non presentan un mesmo significado. Esta falta de contido unívoco fai que sexa preciso realizar unhas precisións terminolóxicas.

A colaboración alude ó principio rector que debe presidir as relacións interadministrativas. O principio xeral de colaboración é o que ha de informar tódalas relacións entre administracións públicas e constitúe un deber recíproco de tódolos poderes públicos. A materialización deste principio pode producirse a través de distintas vías ou técnicas de relación como o auxilio, a cooperación ou a coordinación. Dentro deste principio e como técnica para facelo efectivo a *cooperación* caracterízase pola voluntariedade da súa realización. A *coordinación*, en cambio, supón un certo poder de dirección que precisa dunha habilitación competencial para o seu establecemento.

³⁵ Cfr., o artigo 55 da Lei de bases de réxime local, o contido da cal reitera o artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Pola súa parte, a Lei de réxime local de Galicia faise partícipe desta declaración empregándoa para defini-la colaboración (cfr., o seu artigo 193.2 alínea a). Na alínea b) deste mesmo precepto continúaase coa definición do que se entende por colaboración e engade "o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que se puidesen presentar máis alá do concreto repartimento competencial nos sectores da acción pública".

No marco dun deber xeral de respecto e lealdade na actuación de cada Administración pública en relación coas demais, a cooperación supón o exercicio mancomunado ou coexercio de competencias en réxime de igualdade. O trazo característico da coordinación é, sen embargo, a imposición unilateral e coercitiva a outro ente. Así o expuso o TC³⁶:

“... se ben tanto unhas coma outras técnicas -coordinación e cooperación- se orientan a flexibilizar e a prever disfuncións derivadas do propio sistema de distribución de competencias, aínda que sen alterar en ningún dos casos a súa titularidade e o exercicio das competencias propias dos entes en relación, o certo é que as consecuencias e os efectos dunhas e doutras non son equiparables: a voluntariedade no caso da cooperación, fronte á imposición no da coordinación, xa que toda coordinación envolve un certo poder de dirección, consecuencia da posición de superioridade en que se atopa o que coordina fronte ó coordinado (...) o que explica e xustifica que, dende o punto de vista potencial, distintas sexan as posibilidades de poñer en marcha unhas e outras fórmulas”.

⁶ Artigo 134, parágrafo 3º RXCE: "As reclamacións dos terceiros presentaranse, en todo caso, dentro do prazo dun ano, perante o órgano de contratación que decidirá no acordo que dicte, oído o contratista, sobre a procedencia daquelas, a súa contía e a parte responsable. Contra o seu acordo poderá interpoñerse recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa".

⁷ O prazo de prescrición da acción de responsabilidade do prexudicado contra o concesionario interrompese polo exercicio da facultade de requirimento ó órgano de contratación.

⁸ Vid., GARCÍA DE ENTERRÍA, E. *Los principios de la nueva Ley de Expropiación Forzosa*, Madrid, 1956 (2ª ed. fac. 1984), páxs. 197, 202-203.

pre que sexa efectivo, avaliabile economicamente e individualizado, e con independencia de que a lesión sexa consecuencia non só do funcionamento anormal senón tamén normal dos servizos públicos, e na marxe de que exista ou non falta de dilixencia ou culpa.

Debido a un cambio no programa inicial das xornadas, e por causas alleas á vontade da organización e dos propios participantes, a segunda intervención correspondeulle a **José Luis de la Torre Nieto**, concelleiro do Consello Consultivo de Galicia, que realizou unha disertación sobre “A responsabilidade civil dos concesionarios e contratistas da Administración por danos causados a terceiros”.

En palabras do relator, trátase dunha cuestión fronteiriza, proclive a ser abordada dende diversos sectores do dereito, na que todos eles achegan conceptos, e na que se evidencia a confluencia de ideas de técnica, xustiza material, equidade e practicidade.

Os problemas que hoxe presenta a responsabilidade dos concesionarios e dos contratistas son para o interveniente substancialmente tres:

1. A cuestión de se a responsabilidade extracontractual dos empresarios dos servizos e das obras públicas é esixible de acordo coas regras da responsabilidade obxectiva ou se, polo contrario, a súa responsabilidade se acomoda á doutrina da culpa ou neglixencia prevista no Código civil.
2. Dilucidar se a imputación se lle debe facer á Administración ou ó contratista-concesionario, coa admisibilidade de fórmulas paliativas da responsabilidade subsidiaria daquela.
3. Determina-la xurisdicción que sexa competente para discernir os xuízos sobre esta materia.

A continuación, José Luis de la Torre resumiu na súa exposición a evolución legal e xurisprudencial sobre estes tres aspectos.

Durante a vixencia da Lei Santamaría de Paredes, de 1888, a “responsabilidade civil” considerábase en todo caso e respecto de todo tipo de suxeitos como unha cuestión de índole civil, atribuída á xurisdicción ordinaria, incluso cando a Administración fora a responsable por ser esta unha persoa xurídica, suxeito de dereito e de obrigas.

Así permaneceu a cuestión ata que na lexislación de réxime local da década dos cincuenta se consagrou a dobre xurisdicción para atender non á natureza da actividade senón á do dereito lesionado.

Maior importancia revestiu a aparición da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, que no seu artigo 128 estableceu a unidade de xurisdicción contencioso administrativa (XCA) cando a Administración estivese obrigada a indemnizar danos e perdas.

Paralela e simultaneamente, persistira a consideración de que as lesións patrimoniais producidas extracontractualmente a terceiros por contratistas de obras e concesionarios de servicios da Administración significaban un suposto máis de responsabilidade civil entre particulares, estrictamente sometido á aplicación dos artigos 1902 e seguintes do Código civil e atribuídos ó coñecemento dos tribunais civís, o que constituía unha cuestión absolutamente pacífica dende a promulgación do Código civil e baixo a vixencia da Lei Santamaría.

A Lei de expropiación forzosa alterou tamén esta situación ó establecer un réxime xurídico específico⁹ de responsabilidade dos concesionarios da Administración, que se estendeu tamén ós contratistas de obras¹⁰.

Por outra parte, a equiparación do réxime de contratistas de obras públicas cos concesionarios é evidente para o relator á vista da significativa adición, na reforma do Regulamento de contratos do 25 de novembro de 1975, dun novo parágrafo, o terceiro, o artigo 134¹¹.

⁹ Réxime xurídico substantivo e procesual.

¹⁰ Artigo 121 LEF: "Dará tamén lugar a indemnización, de acordo co mesmo procedemento, toda lesión que os particulares sufran nos bens e nos dereitos ós que esta lei se refire, sempre que aquela sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servicios públicos, ou da adopción de medidas de carácter discrecional non fiscalizables en vía contenciosa, sen prexuízo das responsabilidades que a Administración poida esixirlles ós seus funcionarios con tal motivo.

Nos servicios públicos concedidos correrá a indemnización a cargo do concesionario salvo no caso de que o dano teña a súa orixe nalgunha cláusula que a Administración lle impón ó concesionario e que sexa de ineludible cumprimento para este".

Artigo 123 LEF: "Cando se trate de servicios concedidos, a reclamación dirixiráselle á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no parágrafo 2 do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co parágrafo 2 do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizarlo particular ou o concesionario, no seu caso".

¹¹ Artigo 134, Regulamento de contratos de 1975: "Será por conta do contratista indemnizar tódolos danos que se lles causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución das obras.

Cando tales prexuízos fosen ocasionais como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados na Lei de réxime xurídico da Administración do Estado. Tamén será esta responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia de vicios do proxecto.

As reclamacións dos terceiros presentaranse, en todo caso, no final dun ano, perante o órgano de contratación, que decidirá no acordo que dicte, oído o con-

tratista, sobre a procedencia de aquelas, a súa contía e a parte responsable. Contra o seu acordo poderá interpoñerse recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa".

O precepto suscitou certas dúbidas ó imputárselle ausencia de amparo lexislativo, pero acabou sendo revalidado por entendelo unha concreción da LEF e ante a identidade de razón para coa situación dos concesionarios de servicios.

En canto á determinación do suxeito responsable, Administración ou contratista-concesionario, este esquema estendeuse progresivamente no ordenamento administrativo¹². O sistema aplicable ós concesionarios viuse reafirmado polo artigo 72.3 do texto articulado da Lei de contratos do Estado de 1965, coincidente coa LEF.

Persistiu non obstante a formulación destas cuestións perante a xurisdicción civil, que coñecía acerca delas, acaso sen que se seguise o procedemento previsto na LEF, e na marxe incluso da LRXAE.

A realización da xustiza e a finalidade esencial do dereito e da sentenza como mecanismo de solución efectiva de conflitos, obrigou a xurisdicción ordinaria a sortear non poucos valos. A condena da Administración apoiábase no criterio da *vis atractiva* da xurisdicción ordinaria, e incluso na fuxida do *ius strictum* para evita-lo que se coñece como "peregrinaxe de xurisdiccións"¹³.

Esta praxe xurisdiccional adquiría o seu apoio no criterio dunha moi autorizada doutrina¹⁴, acerca das dúas cuestións en análise: a responsabilidade obxectiva ou por culpa ou negligencia dos concesionarios e contratistas e a xurisdicción competente, criterio que consistía en afirma-la aplicabilidade do Código civil e da xurisdicción ordinaria, por ser o contratista ou concesionario un suxeito privado e consistir a cuestión nunha relación extrapatrimonial *inter privados*, a reserva do suposto de exercicio por estes de poderes administrativos delegados.

Por outra parte, algo fallara na estabilidade do esquema da LEF e da LXCA, e produciuse un malentendido do seu respectivo teor sobre a unidade de xurisdicción, de maneira que se potenciaba a intervención da xurisdicción civil, polo feito determinante de que, contradictoriamente, a LRXAE de 1957 reintroduciu a dobre xurisdicción en materia de responsabilidade nos seus artigos 40 e 41.

De acordo co concelleiro, o feito constatado é que a xurisdicción civil, sen aplica-la LEF nin a Lei de réxime xurídico da Administración do Estado, se viu compelida polas circunstancias a alcanzar reiteradamente pronunciamentos acaso acordes coa equidade e a xustiza do caso, pero a poder do rigor técnico, que rebordaba a doutrina da culpa ou negligencia, a apreciación da cal se avivaba nas súas manifestacións de *in vi-*

¹² Artigos 128, Regulamento de servicios das CCLL de 1957 e artigo 19, Lei de autoestradas de 1972.

¹³ STS do 1 de xullo de 1986, na que a Administración era a única demandada, e que versaba sobre o mal funcionamento do servizo público por inundación de estrada.

¹⁴ GARCÍA DE ENTERRÍA, E.

gilando ou *in eligendo* para xustifica-la imputación á Administración como responsable única ou solidaria dos danos¹⁵.

Así, segundo a súa opinión, a atribución de responsabilidade á Administración, en rigor técnico, só debería facerse cando as normas específicas lle imponen a esta un específico deber de vixilancia ou control sobre a actuación dos particulares actuarios, deber que deberá aparecer vulnerado *ad casu*, trala análise obxectivo da verificación do efectivo quebrantamento dunha norma. Pola contra partiuse dun inexistente deber de absoluto control leviatánico por parte da Administración apoiado na suposta e apodíctica xeneralidade das medidas de policía, ou de control de actividades privadas regulamentadas ou sometidas a autorizacións.

A Administración deveu, malia iso e por definición, en coresponsable do incumprimento por privados de normas xurídicas¹⁶.

Seguidamente, De la Torre Nieto pasou a analiza-la polémica cuestión da imputación dos danos causados polo contratista ou polo concesionario, de maneira que se opoñía á opinión da responsabilidade sempre directa da Administración.

Esta interpretación sostena un sector da doutrina e tivo reflexo xurisprudencial na STS, en sede de XCA, do 9 de maio de 1989 (RA 4487), na que os concesionarios-contratistas non serían xa simples suxeitos privados, senón nada máis e nada menos que delegados en sentido estricto da Administración, que asume así, por definición, a responsabilidade indiferenciadamente sempre e en todo caso¹⁷.

Na opinión do relator, sen esquece-la concepción garantista desta institución, non é realista nin de xustiza a configuración dunha responsabilidade universal e ilimitada da Administración. Tal conclusión só sería congruente cunha Administración onnipotente que debería en onnipresente, a conta da sociedade civil, posto que se tiña que responder, sempre tendería a adopta-la decisión de asumi-la xestión totalmente.

Así a xurisprudencia corrixiu o criterio, e comeza pola Sentencia do 31 de xullo de 1989, da mesma sala CA, que establece a outra doutrina –anque declarase a responsabilidade directa dunha entidade local por mediar ordes expresas cominatorias dos actos do contratista–, doutrina esta da atribución de responsabilidade ó concesionario que se reconeceu reiteradamente¹⁸.

A doutrina maioritaria vese alterada cando a Administración incide en silencio con ocasión de resolve-lo expediente administrativo ó que aluden a LEF e o Regulamento de contratos,

¹⁵ SSTC 22 de novembro de 1985, 19 de decembro de 1987, 25 de outubro de 1989 e 20 de marzo de 1990.

¹⁶ A omisión ou mal funcionamento dos sinais de advertencia de perigo por realización de obras en estradas, abertas ó tráfico, que a Lei de seguridade vial e o seu Regulamento do 17 de xaneiro de 1992, artigo 140, lle imponen como deber ó contratista realizador daquelas.

¹⁷ Sentencias 28 de maio de 1980 (RA 2844) e 24 de outubro de 1984 (RA 6194).

¹⁸ Sentencia do 25 de xaneiro de 1992 (RA 1343), un sector de actividade privada regulamentada, o gas; exonera de responsabilidade o Estado e declara responsable dun accidente a entidade concesionaria.

Sentencia do 6 de outubro de 1994 (RA 7399).

evento no que segundo as sentencias do 29 de setembro de 1989 (RA 6683), 9 de maio de 1995 (RA 4210) e do 11 de xullo de 1995 (RA 5632) ha de presumirse que a Administración asume a súa responsabilidade, sen prexuízo do seu dereito a repetir, se procedese, fronte ó concesionario ou contratista.

Por outra parte, o Consello de Estado en diversos dictames, de entre os que é paradigma o do 12 de xullo de 1973 (exp. 38.603), foi do parecer de entender aplicables á responsabilidade de contratistas e concesionarios as regras da Lei de expropiación, as mesmas cás que rexen respecto da responsabilidade da Administración¹⁹.

A idea non é outra, segundo o relator, que a que no resarcimento dos danos producidos pola prestación de servizos públicos non pode introducir discriminación ningunha en relación coa posición do suxeito danado, que non ten por qué ver recortada a súa esfera patrimonialmente garantida fronte ós danos inferidos no marco do sector público, e que é a adoptada polo artigo 106.2 da Constitución, polo dato de que a xestión do servizo sexa directa ou indirecta.

Sinalaba o Consello de Estado que se ben o criterio do encadramento orgánico do axente produtor do dano dentro da esfera administrativa poderá ser coherentemente esgrimido para a determinación do suxeito responsable, non poderá selo para restrinxila cobertura indemnizatoria do particular lesionado, con remisión ás normas, menos garantistas, do dereito civil. Por canto que o dereito a ser indemnizado que asiste ó particular lesionado está configurado en termos substantivos polo artigo 121 da LEF, con independencia de que o servizo se xestione directa ou indirectamente, pois o contrario produciría evidentes e inadmisibles consecuencias discriminatorias para supostos obxectivamente idénticos.

Para o relator non era tan explícito que o artigo 121 LEF proclamase unha responsabilidade obxectiva; segundo a súa apreciación, acaso só cabe inducilo do seu esquema como consecuencia lóxica do sistema, pola maior garantía e a xenerosidade que implica este criterio e porque todo se apoia nunha decisión administrativa que habería de operar sobre idénticas bases.

De tódolos xeitos, ó teor de artigos tales como o 128 do RSCCLL e o 72.3 da Lei de contratos, ó proclamaren o deber de indemnizar os danos provocados por operacións que requiran o desenvolvemento do servizo, ofrecen un maior apoio sobre a tese propugnada²⁰.

O período ata o que se prolonga a responsabilidade do contratista parece que debía dilucidarse, segundo algúns autores, ó

¹⁹ Dictame n.º 45.276, do 17 de xuño de 1983, no que se confirma o criterio.

²⁰ Sentencias do 28 de maio de 1980 (RA 2844) e 18 de decembro de 1982 (RA 8028).

amparo dos artigos 171 do Regulamento de contratos e da cláusula 73 do Prego xeral de cláusulas administrativas xerais de 1970, que lle impoñen o deber de conservación e policía das obras, unha vez producida a recepción provisional e ata a recepción definitiva, e o de responder dos danos "na obra".

Na opinión do concelleiro, a conclusión é acertada, pero non polo apoio que ofrecen estes preceptos que se refiren a prexuízos "na obra" e non consecuentes a esta e inferidos a terceiros. O fundamento deviría dos efectos e da transcendencia que ofrece a recepción definitiva e do concepto de prestación de resultado que ten a execución de obra pública²¹.

Por outro lado, respecto da xurisdicción competente, a Lei 30/92 produciu a unificación, en sede CA, da competencia para coñecer das cuestións sobre responsabilidade das administracións.

A doutrina da *vis atractiva*, reiteradísima pola Sala 1ª do Tribunal Supremo, aceptouna o Tribunal de Conflictos de Xurisdicción²². Pero dúas recentes sentencias da Sala Primeira do Tribunal Supremo, do 3 de outubro de 1994 (RA 7443) e do 31 de outubro de 1995 (RA 7734), iniciaron unha nova formulación, para soste que a *vis atractiva* da xurisdicción civil fronte á Administración pública codemandada só procederá cando se constate que esta foi efectivamente corresponsable e que mediou solidariedade por procederen ámbalas responsabilidades do mesmo título, correspondendo en caso contrario procederá a absolución da Administración na instancia por falta de xurisdicción.

Non obstante, como resultado do réxime dos artigos 121 e 123 da LEF e 134 do Regulamento de contratos, os concesionarios e os contratistas víanse sometidos ó foro da XCA, e tamén aquí se deu con reiteración a práctica *contra legem* sobre a base de que os reclamantes prexudicados resolvían a cuestión en sede civil ó codemandaren o concesionario-contratista e a Administración, sen utilizaren o trámite da LEF, o que non era obxecto de reproche na vía civil.

A LRXPAC non variou o réxime do foro competencial de concesionarios e contratistas, se ben o Real decreto 429/93 que a desenvolveu contén dúas prevencións:

- a) Derrogou os artigos 133 a 138 do Regulamento LEF, e en particular o 138 que aludía a prexuízos en servicios concedidos.
- b) Prevén no seu artigo 1.3 a súa aplicación ós danos derivados da prestación ou execución de contratos cando sexa responsable a Administración.

²¹ Dictame do Consello de Estado n.º 321/93, do 13 de maio.

²² Sentencias do 21 de decembro de 1993, 21 de marzo (dúas sentencias), 4 de abril de 1994 e 22 de decembro de 1995.

Segundo o relator, o cambio pendular produciuse pretendidamente coa promulgación da Lei 13/95 de contratos das administracións. O seu artigo 98, aplicable a calquera tipo de contratos administrativos, derogou os artigos 121.2 e 123 LEF polo que ós contratistas e concesionarios se refire; xa non é tan claro, de acordo coa súa apreciación, que a alínea 3 viñese reformar substancialmente o sistema do artigo 134 do Regulamento xeral de contratación, que expresamente derroga.

No aspecto substantivo mantense a responsabilidade do contratista como regra xeral, salvo os supostos xa consolidados de ordes cominatorias ou de vicios do proxecto elaborados pola Administración.

Por outra parte, no caso de que a Administración aprobase ou asumise o proxecto, elaborado por un terceiro contratista distinto ó que executa a obra, será por conta deste a responsabilidade dos danos consecuentes por vicio do proxecto, e ulteriormente da Administración, nos termos do artigo 219 da LCAP.

Por último e como conclusión á súa exposición, para superalas dificultades e, deficiencias que ofrece o sistema ás que parece apuntar a LCAP, e en todo caso para poñerlle definitivamente fin ó deostado presente efecto da "peregrinaxe xurisdiccional", De la Torre Nieto manifestou que a solución máis adecuada radicaría en instaurar un sistema que, baseado no esquema substantivo de responsabilidade directa do concesionario-contratista, se desenvolvería nas seguintes fases:

- a) Petición á Administración polo prexudicado.
- b) Audiencia ó concesionario-contratista.
- c) Dictame do Consello de Estado ou órganos autonómicos equivalentes.
- d) Resolución administrativa, recorrible en vía contencioso-administrativa, sobre a procedencia (no si e no canto) da indemnización e sobre o suxeito responsable.
- e) Responsabilidade subsidiaria da Administración concedente en caso de xestión concedida de servicios públicos. Subsidiariedade non extensible ás execucións de obras en atención a que nestas non se establece, como no servicio público, unha relación estable e duradeira entre contratista e Administración.

Para o que resultaría necesario axustalo texto da recente LRXPAC e reelabora-lo artigo 2.d) do Proxecto de reforma da LXCA, insistindo na cada vez máis evidente transformación desta dende un proceso ó acto previo cara á súa consideración en proceso entre partes dirixido á tutela de dereitos e de intereses lexítimos.

Seguidamente, o director xeral da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, **Javier Suárez García**, cunha reflexión en torno á “Responsabilidade do Estado lexislador”, púxolle fin á primeira xornada.

Comezou a súa intervención manifestando que se trata dun tema sobre o que se escribiu e se publicou moito, fundamentalmente no momento no que se estaba a elabora-la LRPAC e, o problema da responsabilidade do Estado lexislador estaba pouco definido na xurisprudencia do Tribunal Supremo. Non obstante, hoxe en día segue presentando cuestións de grande transcendencia.

Tradicionalmente, no dereito comparado e, sobre todo, en épocas pretéritas, negouse a posibilidade de que houbese unha responsabilidade derivada de danos ocasionados por actos lexislativos. Así, a tese no dereito comparado, e tamén en España, era claramente contraria á admisibilidade da responsabilidade do Estado lexislador. Foi a primeira postura defendida polo Consello de Estado francés, que se manifesta en antigos acordos, e tamén foi a postura inicial mantida pola xurisprudencia do Tribunal Supremo español, xurisprudencia preconstitucional²³.

A partir destas posturas iniciais, vanse abrindo pasos distintos supostos de responsabilidade patrimonial por actos do lexislativo, primeiro no dereito comparado, fundamentalmente en Alemaña e en Francia, e finalmente en España.

A primeira idea parte daqueles estados (ordenamento xurídico alemán) que estableceron mecanismos de control da constitucionalidade das leis, de tal modo que se formula que se unha lei non é antixurídica, normalmente non dará dereito a unha indemnización; pero no momento en que a lei non se acomode á Constitución e haxa un mecanismo xurídico para declara-la súa inconstitucionalidade, é posible que se provoquen prexuízos, concorra a nota da antixuridicidade do dano e, en consecuencia, se poidan aboar indemnizacións.

Esta idea plasmaríase en dous supostos característicos: por un lado, as leis que sexan materialmente expropiatorias e que non vaian acompañadas da correspondente indemnización, e, por outro lado, leis que anque non sexan materialmente expropiatorias, ben ocasionan elas mesmas prexuízos, ou ben dan lugar a actos de aplicación que os ocasionan, de tal modo que, se a lei é inconstitucional e resulta anulada, eses actos que imponen un sacrificio convértense en danos antixurídicos e xorde a posibilidade da reparación.

En canto ó tema das leis expropiatorias, están expresamente recoñecidas na Constitución alemana (artigo 14), e son tamén

²³ SSTs do 22 de maio de 1970, 11 de febreiro de 1971, 12 de novembro de 1971.

admitidas polo noso Tribunal Constitucional. O caso máis paradigmático é a expropiación do Grupo Rumasa; aquí xa o Tribunal Constitucional, na "Sentencia Rumasa 1"²⁴, sinalou que estas leis singulares son posibles sempre e cando existan circunstancias especiais que fagan que pasen o test de constitucionalidade dende o principio de igualdade.

Xunto a estes dous supostos característicos, tamén se foi abrindo paso un terceiro suposto que é sen dúbida ningunha o máis problemático. Consiste basicamente en que cando unha lei, conforme á Constitución, é dicir, perfectamente lícita, lles ocasione un sacrificio especialmente intenso a unha persoa ou a un grupo de persoas poida xurdir a posibilidade de resarcimento. Este suposto abordouno o Consello de Estado francés, que en diversas resolucións foi contradicindo a súa doutrina inicial e considerando que si era posible un resarcimento como consecuencia destes actos legislativos²⁵. A idea do Consello de Estado francés era que nestes casos se rompe o principio de igualdade dos cidadáns fronte ás cargas públicas e que podía xurdir unha obriga de indemnizar sempre que se cumprisen unha serie de requisitos:

- Que non se actuase en virtude dun interese xeral prevalente, como pode ser a protección da saúde.
- Que a lei non exclúa expresamente a indemnización.
- Que o prexuízo sexa un prexuízo de suficiente gravidade.
- Que as actividades prexudicadas non fosen repreensibles ou fraudulentas, como sucedía cunha Lei do 13 de abril de 1946 que ordenou o peche das casas de tolerancia, en termo certamente eufemístico.

Por outro lado, en Alemaña tamén se establece a posibilidade deste tipo de reparacións baseándose na idea da chamada alí "Teoría do sacrificio": pártese da necesidade de respectalo principio de igualdade e a xustiza distributiva e, en aplicación destes principios, considérase que cando unha lei acomodada á Constitución ocasiona determinados sacrificios pode xurdir-la obriga de indemnizar.

O suposto anterior é o máis problemático de cara á posible admisibilidade da responsabilidade do Estado lexislador. Así, pódense suscitar unha serie de problemas de certa importancia, sobre todo á vista desta admisibilidade das chamadas "leis singulares", que poden afectar a suxeitos determinados, e tamén polo feito de que é posible que os poderes públicos, precisamente para evitar ou para entorpece-la posibilidade de obter unha indemnización, blinden certas actuacións dándolle forma de lei, de tal modo que ante esta blindaxe un dos mecanismos

²⁴ GARCÍA DE ENTERRÍA, E.

²⁵ Acordos do Consello de Estado francés do 14 de xaneiro de 1938, 25 de xaneiro de 1963.

de reacción podería ser o de recoñecer de forma xenérica a responsabilidade do Estado lexislador (por exemplo, Lei de espazos protexidos).

Por último, na doutrina e no dereito comunitario tamén se vai abrindo paso outro suposto de responsabilidade do Estado lexislador que sería o derivado da inactividade do lexislador, especialmente no relativo á falta de transposición de directivas comunitarias ó ordenamento xurídico interno²⁶.

Respecto do esquema para abordar este tipo de responsabilidade, segundo o relator, en principio non formulan problemas as leis materialmente expropiatorias e as leis inconstitucionais que ocasionen prexuízos, en tal caso a admisibilidade da responsabilidade do Estado lexislador está comunmente admitida.

Maiores problemas formulan os danos derivados de leis constitucionais. Os preceptos da Constitución española que se poderían invocar en relación con esta problemática serían:

1º. O artigo 9.3, que establece o principio xeral de responsabilidade de tódolos poderes públicos e de interdicción da arbitrariedade.

2º. O artigo 33.3, que establece a garantía expropiatoria.

3º. O artigo 106.2, que recoñece o principio xenérico de responsabilidade patrimonial da Administración.

4º. O artigo 121, que regula a responsabilidade da Administración como consecuencia dos danos ocasionados pola Administración de Xustiza en supostos de erro xudicial ou de funcionamento anormal da dita Administración.

Na opinión do relator, a Constitución española, se pensamos no terceiro suposto aludido, non establece un principio xeral de responsabilidade como consecuencia dos actos lexislativos. Fronte ós intentos de certo sector doutrinal²⁷ de asentar un principio xeral de responsabilidade patrimonial no artigo 9.3, Suárez García mantén que esta formulación é notoriamente insuficiente. O artigo 9.3 establece un principio xeral de responsabilidade de tódolos poderes públicos, pero ese principio xeral de responsabilidade non prefigura nin qué tipo de responsabilidade hai que esixirlles a tódolos poderes públicos nin tampouco con qué intensidade ou por qué mecanismos hai que esixila. Cando se fala do principio de responsabilidade dos poderes públicos pódese estar facendo referencia a responsabilidades penais de cargos públicos, responsabilidades disciplinarias, responsabilidades políticas e tamén a responsabilidades patrimoniais; pero dicir que tódolos poderes públicos son responsables –entón tódolos poderes públicos responden patri-

²⁶ SSTXCE 19 de novembro de 1991, 16 de decembro de 1993.

²⁷ GARRIDO FALLA, F.

monialmente polos danos que ocasionen- é unha formulación que non ten fundamento suficiente no artigo 9.3. Por outro lado, hai que ter en conta que o propio artigo 9.3 cando concreta ese principio xeral de responsabilidade sobre sectores determinados faino con distinta intensidade: así, para os danos ocasionados polo funcionamento dos servizos públicos (artigo 106.2) establece unha responsabilidade obxectiva, sen embargo cando se refire ós danos ocasionados pola Administración de Xustiza esa responsabilidade ten perfís distintos, por supostos determinados por erro xudicial ou funcionamento anormal. Con isto cabe pensar que se non se estableceu expresamente a responsabilidade do lexislador pode ser porque o constituínte pensaba que con outros mecanismos de esixencia de responsabilidade sería suficiente, o que a xuízo do relator non hai razón para soste-lo é que o réxime de responsabilidade patrimonial da Administración poida pasar sen máis ós actos realizados polo lexislativo.

Neste esquema, cómpre ver tamén a regulación legal que se fai desta institución. Pois ben, o artigo 139.3 da LRPAC regula ou aborda por primeira vez no noso dereito o problema da responsabilidade das administracións públicas derivada de actos lexislativos²⁸. De acordo con este artigo, ante o silencio da lei o principio xeral producirase a non esixencia de responsabilidade como consecuencia de actos lexislativos de carácter non expropiatorio. Co que se pecha unha liña xurisprudencial que viña entendendo que ante o silencio da lei era posible que a xurisprudencia determinase se o cidadán tiña que soportar ou non ese dano e se cabía unha indemnización como consecuencia dese acto de natureza lexislativa.

Seguidamente, o relator detívose en explica-la evolución da xurisprudencia española en relación con esta materia.

O Tribunal Constitucional tivo ocasión de pronunciarse en relación con estes supostos como consecuencia dun caso típico, que deu lugar posteriormente no Tribunal Supremo a unha infinidade de sentencias, que é a anticipación da idade de xubilación dos funcionarios, fundamentalmente dos profesores de educación básica, no Decreto lei 17/1982, do 24 de setembro, na Lei de medidas urxentes para a reforma da función pública, e, posteriormente, na Lei 53/1984, do 26 de decembro, en relación coas incompatibilidades. O Tribunal Constitucional, respecto desta materia, pronunciouse en diversas sentencias²⁹ nas que a formulación fundamental leva o Alto Tribunal a considerar que o funcionario, se ben dende o momento en que ingresa ó servizo dunha Administración ten uns dereitos, e cita o "dereito

²⁸ Artigo 139.3 LRPAC: "As administracións públicas indemnizarán os particulares pola aplicación de actos lexislativos de natureza non expropiatoria de dereitos e que estes non teñan o deber xurídico de soportar, cando así se establezan nos propios actos lexislativos e nos termos que especifiquen os ditos actos".

²⁹ SSTC do 26 de xullo de 1986, 11 de xuño de 1987, 16 de xullo de 1987 e 19 de abril de 1988.

á xubilación" ou o "dereito ás situacións administrativas", considera que soamente terá que ir acompañada a lei da garantía expropiatoria máis típica, que é a indemnización, nos casos en que haxa unha privación deses dereitos, pero non nos supostos nos cales a privación recaía sobre simples expectativas ou o que se produza sexa non unha privación do dereito senón unha regulación, delimitación ou limitación³⁰. Nestes supostos entende o Tribunal Constitucional que non estamos perante unha operación de carácter expropiatorio e, en consecuencia, non é inconstitucional, a lei, pola vulneración do artigo 33 da Constitución Española. O que si di, nunha expresión un tanto enigmática que deu lugar a moitos procedementos posteriores, é que "este tipo de operacións poden merecer algún xénero de compensación porque realmente están ocasionando un prexuízo patrimonial". Este "merecer algún xénero de compensación" foi entendido por certos operadores xurídicos como que o Tribunal Constitucional estaba abrindo a vía para que posteriormente os tribunais ordinarios puidesen, pola vía da responsabilidade patrimonial, conceder indemnizacións, e por esta razón se formularon unha infinidade de reclamacións, primeiro en vía administrativa, e posteriormente perante o Tribunal Supremo.

Nun primeiro momento, o Tribunal Supremo, ante esta avalancha de reclamacións, realiza unha serie de consideracións xerais que parece que admiten a responsabilidade do Estado lexislador, é dicir, admiten a posibilidade de que, como consecuencia de que un acto lexislativo lle ocasione un prexuízo patrimonial a un cidadán, este poida obter unha indemnización; o Tribunal Supremo considera que neses supostos a solución contraria vulneraría certos principios constitucionais. Sen embargo, estas pretensións rexeitounas o Tribunal Constitucional baseándose nun argumento de carácter formal: a reclamación en vía administrativa non se dirixira contra o Consello de Ministros, que tiña que ser o órgano perante o que se formularon inicialmente este tipo de reclamacións.

A partir dunha célebre Sentencia do 30 de novembro de 1992, que é cando xa lle chega ó Tribunal Supremo unha petición de responsabilidade por actos do lexislador correctamente formulada perante o Consello de Ministros, aquí cambia de tercio e cando ten que decidir sobre o fondo di que non hai lugar para a responsabilidade por actos lexislativos, por entender que nestes supostos se non está expresamente prevista nunha norma con rango de lei ou nunha lei esa responsabilidade do Estado lexislador, prodúcese un baleiro legal que non pode colmala xurisprudencia.

³⁰ Regulación *ex novo* do contido do dereito.

Por último, a pesar de que se seguen formulando en moitas ocasións discursos acerca da posibilidade de que exista unha responsabilidade do Estado lexislador, Suárez García deixou constancia de que só tiña coñecemento dunha sentenza do Tribunal Supremo onde realmente se establecía ese principio de responsabilidade, e é a STS do 5 de marzo de 1993, que trata dunha reclamación formulada pola entidade "PESCANOVA, S.A." como consecuencia da supresión de certos beneficios fiscais sobre quiñóns de peixe exentos de arancel que se lles concedían ás importacións de peixe para aquelas empresas estranxeiras que estivesen participadas por empresas españolas. Aquí o Tribunal Supremo considera que esta posibilidade foi unha medida de fomento adoptada polo Goberno; que a constitución destas empresas tiña que someterse a unha autorización administrativa, e que así se fixo; e que, en atención a estes posibles beneficios, as empresas optaron por esa vía, e obtiveron importantes desembolsos. En consecuencia, no momento en que se anulan eses beneficios fiscais, como resultado da entrada de España na CEE e por aplicación do artigo 168 do Tratado de Roma, enténdese que se ocasionou unha privación ou unha lesión nun dereito ou nun interese lexítimo desas empresas e que cabería a posibilidade de esixir tales indemnizacións. Esta sentenza baséase no chamado "principio de confianza lexítima dos cidadáns", que desenvolveu o Consello de Estado francés e que tamén ten algunha manifestación en certas sentencias do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas e nalgunha doutrina do Consello de Estado.

Por todo iso, o relator concluíu e afirmou que as sentencias do Tribunal Constitucional non dan lugar a un recoñecemento da responsabilidade do Estado lexislador. Dá a impresión de que cando o Tribunal Constitucional enigmáticamente se refire a que cabería, por certos prexuizos, establecer algún tipo de compensación, se está dirixindo máis ó poder lexislativo que ó poder xudicial, o que está reclamando é que o poder lexislativo arbitre eses mecanismos de indemnización.

Na xurisprudencia do Tribunal Supremo tamén chama moito a atención que naqueles casos en que as argumentacións non serven para fundamentala resolución, é dicir, naqueles pronunciamentos das demandas, o Tribunal Supremo si di que cabe a responsabilidade do Estado lexislador, pero cando realmente ten que fundamentala resolución aplica unha doutrina máis restrictiva.

Ó rematar esta intervención abriuse un interesante coloquio, moderado polo director da EGAP, que contou coa participación

activa do público presente na sala, e no que se debateron asuntos e problemas de interese relativos ós relatorios expostos e ó tema obxecto de estudio. As preguntas que formularon os asistentes evidenciaron o alto nivel intelectual e xurídico do auditorio.

A xornada do día 23 iniciouna **José Guerrero Zaplana**, maxistrado especialista da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, cunha exposición sobre "A responsabilidade patrimonial da Administración no ámbito sanitario público".

Inicialmente formulou a orixe constitucional da materia obxecto da súa intervención.

A Constitución española de 1978 dedícalle dous parágrafos do artigo 43 a esta cuestión. No parágrafo primeiro recoñécese o dereito á protección da saúde. E no parágrafo segundo sinalase que lles compete ós poderes públicos organizar e tutela-la saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e dos servicios necesarios; a lei establecerá os dereitos e os deberes de todos respecto disto.

De acordo co maxistrado, a combinación do dereito á saúde co pluralismo participativo esixe a creación dun sistema de saúde moderno e eficaz como compromiso fundamental dos poderes públicos. Nesta materia é importante a distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas; por iso, non debe esquecerse que o artigo 149.1 da mesma Constitución lle atribúe ó Estado competencia exclusiva en materia de bases e de coordinación da sanidade e lexislación sobre produtos farmaceuticos (alínea 16) e en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social (alínea 17); todo iso sen prexuízo da participación das comunidades autónomas na execución dos servicios da Seguridade Social e da posibilidade de asumir competencias en materia de asistencia social, sanidade e hixiene que lle recoñecen os números 20 e 21 da alínea 1 do artigo 148.

Cuestión fundamental de toda organización sanitaria é a que se refire á determinación da responsabilidade patrimonial da Administración sanitaria como consecuencia da actuación dos profesionais da medicina. Neste punto Guerrero Zaplana manifestou que é esencial, por unha parte, a determinación dos dereitos dos pacientes, que deben estar protexidos polas normas que regulan o sistema de saúde, e por outra parte, a regulación da actuación dos profesionais que deben aplicar unhas técnicas cada vez máis avanzadas e que, precisamente para iso, deben contar cun marco normativo claro que lles permita toma-las súas

decisións no ámbito estrictamente médico, pero con perfecto coñecemento de cáles poidan ser as consecuencias xurídicas da dita toma de decisións.

Respecto dos requisitos da responsabilidade patrimonial en materia sanitaria, multitude de sentencias do Tribunal Supremo, cunha doutrina constante e mantida ó longo de moitos anos, establecen os requisitos que son básicos para que naza esta forma de responsabilidade. A Sentencia con data do 21 de novembro de 1995 (relator Sr. Peces Morate) cita outras moitas sentencias anteriores que son conformes na enumeración de tales requisitos³¹. En todas elas os requisitos básicos son os seguintes:

- a) A efectiva realidade dun dano ou dun prexuízo avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou cun grupo de persoas, isto é, a lesión nos bens ou dereitos do cidadán.
- b) Que o dano sufrido sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, nunha relación directa de causa a efecto, sen intervención estraña que puidese influír no nexo causal.
- c) Que non se producise por forza maior.

A continuación, o maxistrado referiuse particularmente a cada un dos requisitos mencionados.

O elemento que deu lugar a unha máis ampla xurisprudencia en materia de responsabilidade patrimonial no ámbito sanitario é a cuestión do nexo de causalidade e as circunstancias que o interrompen. Neste punto a xurisprudencia é unánime na consideración de que estamos ante unha forma de responsabilidade obxectiva³².

En todo caso, debe terse en conta que para que exista responsabilidade patrimonial é imprescindible que exista relación de causalidade entre o acto da Administración fronte á que se reclama e o dano sufrido, só sobre esta base se pode establecer un nexo de causalidade asentado na responsabilidade obxectiva³³.

Non obstante, o carácter obxectivo da responsabilidade non impide que existan supostos nos que se conclúe coa falta de acreditación da suficiente relación de causalidade, co efecto da conseguinte inesixencia de responsabilidade patrimonial³⁴.

Por outra parte, existen dous supostos de concorrencia de causas que son de especial relevancia dentro do ámbito da responsabilidade patrimonial en materia sanitaria: aqueles nos que intervén a conducta do paciente e aqueloutros nos que os danos ou a lesión resultan da utilización de material defectuoso.

Os casos nos que intervén a conducta do paciente deben distinguirse daqueloutros nos que o dano é o resultado da evolu-

³¹ Sentencias do 13 de marzo de 1989, 5 de outubro de 1993, 22 de febreiro de 1994 e do 22 de abril de 1994.

³² Sentencias do 22 de abril de 1994, STS do 3 de xuño de 1995 (que reproduce o dito noutras anteriores como as do 4 de xuño de 1994, 25 de febreiro de 1995 e a do 1 de abril de 1995).

³³ SSTs do 11 de maio de 1992, a do 6 de febreiro de 1996 (Ponente Sr. Tejada González), e a do 17 de xaneiro de 1997 (Ponente Sr. Sieira Míguez).

³⁴ STS do 8 de xullo de 1995.

ción natural da enfermidade sufrida polo usuario dos servizos sanitarios. Guerrero Zaplana referiuse ós supostos en que o dano ou a súa agravación son consecuencia da confluencia de dous feitos: a conduta do paciente e o acto médico. Nestes supostos, o paciente ten, entre tódalas súas obrigas, dúas que son as máis significativas: cumpri-lo tratamento médico e segui-las indicacións do facultativo así como o deber de responsabilizarse dun uso adecuado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario e da utilización correcta dos servizos e prestacións terapéuticas³⁵. Non obstante, a conduta do paciente, consistente en negarse a cumpri-lo tratamento prescrito polo médico, é perfectamente lécitima, anque a dita negativa debe afectar á relación de causalidade para o suposto de que se sufran danos como consecuencia da asistencia recibida. A solución desta clase de conflitos en que hai unha concorrencia de causas na produción de danos leva a aplica-lo principio de proporcionalidade entre a conduta da vítima e o resultado lesivo, co fin de modera-la obriga de indemnizar da Administración.

O outro suposto formulado polo relator de concorrencia de causas é o dos casos de utilización de instrumental defectuoso; o dano pode derivar do consumo dun medicamento en mal estado (sangue contaminado) ou do uso dun aparello defectuoso (cobaltoterapia ou raios láser en microcirurxía). Nestes supostos prodúcese unha concorrencia de causas: por unha parte, a Administración hospitalaria é a causante directa do dano ó subministra-lo medicamento ou ó emprega-lo aparello defectuoso; por outra parte, o causante mediato do dano é o fabricante do produto ou aparello defectuoso, pois, de estar en condicións, non se produciría o resultado lesivo. Hai que ter en conta que existe unha relación entre a Administración e o fabricante³⁶, pero non existe relación directa entre o subministrador e o paciente que sofre o dano. A Administración é autora material do dano pois, fai uso, por si mesma, do produto subministrado, sen embargo o razoable é que esa Administración repare o dano sen prexuízo de que, unha vez reparado, poida repetir contra o subministrador.

Respecto dos supostos de exclusión da relación de causalidade, a xurisprudencia, na liña de obxectiviza-la responsabilidade, considera supostos nos que rexeita a alegación da existencia de erro invencible ou forza maior³⁷.

Por outro lado, dende o momento en que se constitúe a institución da responsabilidade patrimonial sobre a base da responsabilidade obxectiva, o concepto de lesión patrimonial pasa a ser esencial e a constituírse na base do sistema. A dita lesión

³⁵ Artigo 11 da Lei xeral de saúde.

³⁶ Relación regulada pola Lei de contratos das administracións públicas.

³⁷ Sentencia do 16 de febreiro de 1996.

debe reunir unha condición fundamental: debe ser antixurídica, entendida non como que sexa contraria a dereito senón no sentido de que o suxeito que a sofre "non teña o deber xurídico de soportala". Ademais, debe terse en conta que calquera ben ou dereito pode ser obxecto de lesión indemnizable; así, a inicial limitación que estaba recollida no artigo 121 da Lei de expropiación forzosa³⁸ foi superada tanto polo establecido nos artigos 133 do Regulamento de expropiación forzosa e no 40.1 da Lei de réxime xurídico da Administración do Estado, como, sobre todo, polos artigos 106.2 da Constitución e o 139 da LRPC. Só se exclúen da consideración de danos, os eventuais ou simplemente posibles, é dicir, tódolos que non son seguros na súa produción; por tanto, só é indemnizable o dano que sexa real e non potencial, presente e non futuro, auténtico dano e non simple molestia, comprobable e non hipotético.

Dende o punto de vista da necesidade da indemnización e da cuantificación desta, distínguese entre danos persoais e morais:

■ Respecto dos danos persoais³⁹, os pronunciamentos xudiciais atenden á súa reparación baseándose en dous elementos: por un lado, gastos de hospitalización e asistencia ata a recuperación, e por outro, unha cantidade fixada discrecionalmente tendo en conta a idade, as cargas familiares, os ingresos profesionais, as expectativas de traballo do afectado, etc.

■ Respecto dos danos morais, a súa reparación é aceptada sen discusión. A xurisprudencia estableceu unhas notas xerais sobre esta clase de danos⁴⁰: en primeiro lugar, que o dano moral indemnizable non é a lesión dun dereito ou dun interese lexítimo patrimonial, senón que trae causa da lesión dun ben ou dun dereito integrado no ámbito das relacións afectivas familiares; en segundo lugar, que a súa existencia non precisa proba e que debe presumirse como certa; en terceiro lugar, que a súa cuantificación queda ó prudente arbitrio dos tribunais.

Por outra parte, respecto da xurisdicción competente para coñecer das reclamacións de responsabilidade patrimonial no ámbito sanitario, a primeira cuestión que hai que establecer para a súa determinación consiste, segundo o relator, en fixar cál será a lexislación aplicable a cada caso concreto, pois a modificación substancial operada dentro do ámbito administrativo pola LRPC supuxo un cambio no criterio anteriormente mantido. A xurisprudencia que emana das resolucións da sala de conflitos do Tribunal Supremo ensina que o dato fundamental para determinar a lexislación aplicable é o que se refire á data da presentación da reclamación de responsabilidade fronte

De acordo con Piñeiro Amigo, hai que dar un paso máis e avanzar cara á redistribución de competencias; a Administración local non pode asumir competencias que non estean financiadas; a transferencia de competencias e a conseguinte prestación de servizos públicos que non lle corresponda por lei deben de estar pagados, posto que a transferencia dun concreto servizo público leva aparelada custos que deben estar o suficientemente financiados.

A seguinte intervención correu a cargo de **Teresa Carballeira**, profesora titular de dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela, quen se detivo nas virtudes e nos aspectos negativos do “pacto local”.

Segundo a profesora, o “pacto local” supón as seguintes virtudes:

1. O movemento de emancipación dos entes locais.
2. O deslindamento de competencias. É de suma importancia que se redefina o ámbito competencial dos entes locais.
3. A vertente política do “pacto local” e a lexitimación dos entes locais perante o Tribunal Constitucional.

Pero o “pacto local” tamén suscita aspectos conflictivos:

1. En canto ó contido do “pacto local”, o “pacto” non só esixe descentralización e transferencia, senón tamén desconcentración funcional e institucional.
2. Trátase de ampara-la autonomía local dentro do “pacto

local", pero non debe de entenderse por autonomía o concepto de independencia.

3. O "pacto local" é un pacto de municipios, aínda que en liñas xerais se fala de entes locais. Nembargantes, séguese sen defini-lo papel da provincia e das deputacións provinciais.

4. No "pacto local" non se reivindicán os mecanismos de cooperación e de coordinación administrativa.

5. Dentro do ámbito político, no "pacto local" falta a configuración dun foro ou acordo político no que se realice a Administración local.

A continuación, **Roberto Luis Blanco Valdés**, catedrático de dereito constitucional da Universidade de Santiago de Compostela, tratou na súa intervención fundamentalmente dúas cuestións: en primeiro lugar, a necesidade de enmarcarlo no contexto político no que xorde o "pacto local"; en segundo lugar, fixo fincapé en aspectos concretos do pacto local.

No tocante á primeira, o "pacto local" encádrase no marco constitucional, na construción dun Estado democrático e autonómico que viña sendo aprazado en España durante os séculos XIX e XX, porque non había posibilidade de creala democracia sen unha descentralización política.

Cando se elabora a Constitución créanse tres niveis de poder: central, autonómico e local, coa particularidade de que é España o único país de Europa no que se parte dun Estado unitario para proceder á súa descentralización.

Respecto de aspectos concretos do "pacto local", o profesor Roberto Blanco realizou as seguintes consideracións:

a) O "pacto local" ten como elemento central a descentralización, aínda que en determinadas materias (urbanismo) presente problemas.

b) En canto ó aspecto financeiro, formula-la corresponsabilidade fiscal. Non só o Estado central debe se-lo único recadador se todos gastan.

c) En canto á relación entre as comunidades autónomas e os municipios, debe alcanzarse unha coordinación garantida, para non facer depender esta coordinación da vontade política de quenda.

d) En último lugar, elaborar un pacto que permita a redistribución de competencias.


Por último, despois dun intenso e ilustrativo coloquio aberto entre os participantes da mesa redonda e o público asistente á sala, **Dositeo Rodríguez Rodríguez**, conselleiro da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, proce-

deu á clausura oficial do curso, agradecendo e felicitando ó Excmo. Concello de Cambados, á Excmo. Deputación Provincial de Pontevedra e á Escola Galega de Administración Pública, na persoa do seu director, a organización e a realización do devandito curso.

O curso de verán "Estado autonómico e autonomía local: o Pacto Local" supuxo unha manifestación máis da EGAP na súa aposta decidida pola Administración local. Este curso enmárcase dentro do proceso global de realización e execución do Pacto Local e os traballos aquí comentados serven e servirán de referencia para a consecución final do mesmo.

As entidades locais constitúen a Administración do futuro, ó estaren chamadas para desenvolver un papel cada vez máis importante na vida dos cidadáns, posto que son as deputacións provinciais e, fundamentalmente, os concellos os que se dedican a xestionar os servizos imprescindibles e están máis próximos ó cidadán.

A delegación en mans dos entes locais de competencias, xa sexan do Estado como das comunidades autónomas, constitúen a clave de bóveda de toda a configuración da Administración única.

En conclusión, pódese afirmar que a tensión actual, que na esfera das administracións locais existe na España autonómica, se sitúa en torno á articulación do binomio comunidades autónomas-entidades locais, por un lado, e á integración das grandes cidades no espectro europeo, de acordo co artigo 3B do Tratado de Maastricht e o desenvolvemento do principio de subsidiariedade. 

A large, stylized graphic consisting of the letters 'B' and 'R' in a serif font, rendered in white against a purple rectangular background. The letters are positioned vertically, with 'B' on top and 'R' on the bottom. The 'B' and 'R' are partially overlaid by the text 'BIBLIOGRAFÍA' and 'E RECENSIONES' respectively.

BIBLIOGRAFÍA
E RECENSIONES

Responsabilidad administrativa: conflictos de jurisdicción

Eduardo Gamero Casado

Aranzadi Editorial, 1997

A regulación normativa do repartimento xurisdiccional en materia de responsabilidade administrativa sufriu considerables variacións ó longo dos anos, e especialmente, trala aprobación da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa do ano 1956. Esta lei pretendeu unifica-la competencia xurisdiccional da responsabilidade administrativa, pero diversas circunstancias e consideracións provocaron a sucesión de excepcións á regra, e desembocaron finalmente nun réxime de distribución competencial que non sempre foi plasmado por xurisprudencias únicas nin por criterios claros en materia de repartimento.

Distintas ordes xurisdiccionais consideráronse competentes ó mesmo tempo para coñecer pretensións substancialmente iguais, e no seo dunha mesma orde xurisdiccional conviviron liñas xurisprudenciais distintas entre si, en relación coa competencia para saber dun mesmo asunto.

Coa promulgación da Lei 30/1992, tense o propósito de unifica-la competencia en beneficio da orde contencioso-administrativa. Sen embargo, a aplicación da lei rodéase dunha serie de circunstancias que acentúan as consecuencias que pretendían resolver.

En particular pódese cuestionar que a xurisdicción contencioso-administrativa resulte competente para coñecer acerca das reclamacións de responsabilidade patrimonial dirixidas contra as personificacións instrumentais das administracións públicas cando se exerzan potestades administrativas.

De igual forma, a Lei 30/1992, non especifica claramente qué réxime xurídico de repartimento debe aplicarse fronte a certos supostos que supoñen unha modificación da atribución competencial en beneficio da orde contencioso-administrativa.

Por outra parte, a Lei 13/1995, de contratos das administracións públicas, tamén presenta novidades en relación coa orde xurisdiccional competente para saber acerca das reclamacións por danos extracontractuais derivados da execución de contratos administrativos.

Finalmente, o novo Código penal, tamén, modifica o réxime anterior en relación coa responsabilidade extracontractual subsidiaria da Administración derivada de delitos cometidos por persoas que están ó seu cargo.

Trala entrada en vigor da Lei 30/1992, e en asuntos nos que xa se está aplicando, a xurisprudencia recaída perante outras ordes xurisdiccionais coma a civil e a social, seguen coñecendo e pronunciándose en materia de responsabilidade administrativa extracontractual.

Todas estas circunstancias fan necesario un estudio en profundidade da cuestión, que delimite a extensión competencial das distintas ordes xurisdiccionais en relación coa responsabilidade administrativa extracontractual.

Polo tanto, este traballo pretende analiza-la competencia xurisdiccional en relación co sistema de responsabilidade administrativa extracontractual. Unha primeira delimitación do estudio da obra, que nos presenta o autor, consiste en excluír dese, o réxime xurídico da responsabilidade patrimonial contractual da Administración, e abordar unicamente a responsabilidade patrimonial extracontractual.

O sistema de responsabilidade extracontractual que regulan as normas xurídico-administrativas aplícaselle á Administración, pero non só a ela; estas regras tamén presentan un réxime de responsabilidade referible a outros suxeitos diferentes, que aínda que non gozan de natureza xurídica de Administración pública, participan do exercicio de funcións públicas, como é o caso de: servicios públi-

cos, contratistas da Administración, funcionarios e axentes da Administración.

Por iso, a través do traballo ponse de manifesto que a responsabilidade administrativa extracontractual constitúe un réxime xurídico peculiar, distinto do civil, no que imperan os principios e as normas propias e xeralmente incorporado ó coñecemento dunha xurisdicción específica, concretamente a contencioso-administrativa.

Deste xeito, ó autor parécelle oportuno excluír neste tema, toda referencia á responsabilidade civil da Administración, pois entende que o sistema administrativo é distinto do civil, e atribuírle este termo pode inducir á confusión e aproximalo indebidamente a un réxime co que presenta diferencias moi salientables.

Unha característica do estudo é o extraordinario casuísmo que presenta, polo que se require unha exposición sistemática que determine o máis claramente posible a ónde debe acudir o xustizable para reclama-la correspondente indemnización, ante a ambigüidade normativa e a convivencia que presenta o noso ordenamento xurídico.

■ No CAPÍTULO I: *Os criterios de repartimento de xurisdicción en materia de responsabilidade administrativa extracontractual e as súas contradicións prácticas*, analízase se o ordenamento xurídico español se inclina por algún dos tres modelos de repartimento xurisdiccional en materia de responsabilidade administrativa que existen:

a) O baseado en criterios funcionalistas ou materiais, onde a cada orde xurisdiccional se lle asigna a competencia para saber sobre a responsabilidade extracontractual en relación cun determinado tipo de actividade, con independencia do suxeito, público ou privado, que se leve a cabo.

b) O baseado en criterios personalistas ou subxectivos, cada orde xurisdiccional sabe das pretensións de indemnización dirixidas contra un mesmo tipo de suxeitos públicos ou privados.

c) O modelo mixto, toma en consideración tanto o suxeito actuante como a función que desempeña, sexa pública ou privada, ou a materia da que se trate.

A análise amosará numerosos problemas que presenta a articulación dun sistema coherente de repartimento xurisdiccional en materia de responsabilidade da Administración, sobre todo tendo en conta que, tanto a xurisdicción civil, como a contencioso-administrativa, interpretaron xenerosamente os seus respectivos ámbitos competenciais, interferíndose ata o punto de non chegar a diferenciar cáles son os propios ámbitos de actuación que lle corresponden a cada orde.

Se lembramos que a especialización xudicial persegue impulsar que os asuntos os resolvan os maxistrados con coñecemento específico na materia, a consecuencia que se deduce desta apreciación parece clara: debe ser unha mesma orde xurisdiccional quen coñeza de tódolos supostos de responsabilidade administrativa, e esta orde xurisdiccional debe ser o contencioso-administrativo, por posuír un maior coñecemento sobre o tema.

■ *O ámbito competencial da orde xurisdiccional contencioso-administrativa*, é o título do CAPÍTULO II, nel coméntase que a tipoloxía institucional das administracións públicas é a pedra angular do dereito administrativo contemporáneo.

Por iso, é difícil abordar calquera estudio sobre o tema sen ter en conta esta cuestión previa ou incidental. Cada regulación substantiva do dereito administrativo é susceptible de presentar un ámbito de aplicación diferente, pois, pode abarcar a todos, a algúns, ou só a un dos diferentes tipos de administracións públicas que existen no noso ordenamento.

O réxime xurídico da responsabilidade administrativa non escapa desta problemática. E faise imprescindible coñecer previamente a qué réxime xurídico de responsabilidade se somete cada Administración pública: este réxime comporta un primeiro condicionamento do campo competencial de cada orde xurisdiccional en relación coa responsabilidade administrativa extracontractual.

A responsabilidade extracontractual da Administración é directa e maniféstase a través da actuación dos seus funcionarios ou axentes, por canto a Administración, como persoa xurídica, só actúa a través de persoas físicas, e os danos que provocan as persoas físicas dependentes dela son imputables á Administración.

En consecuencia, non cabe soste que a responsabilidade administrativa extracontractual se transforme en responsabilidade civil cando sexa consecuencia da conducta dun axente da Administración, a responsabilidade extracontractual desta, é distinta en todo caso, sen que a natureza poida pervertirse pola imputación do dano a un axente desta.

En referencia á responsabilidade extracontractual resultante da Lei de contratos das administracións públicas, debido á súa complexidade e polo ben de evitar unha peregrinaxe xurisdiccional gratuíta, o autor considera, que cando é a actividade dun suxeito privado a que materialmente lle produce o dano ó terceiro, a competencia xurisdiccional do asunto debe corresponderlle á orde civil, e interromperase o cómputo do prazo para o exercicio da acción en vía administrativa mediante a interposición deste recurso xurisdiccional.

■ No capítulo III: *O ámbito competencial das restantes ordes xurisdiccionais*, preséntase un estudio destes.

■ Competencia da orde xurisdiccional civil.

O dano extracontractual a un particular pode serlle inflixido:

- a) Polo persoal propio da Administración ou polos axentes desta.
- b) Polos concesionarios de servicios públicos e contratistas da Administración.
- c) Conxuntamente pola Administración e un particular non vinculado a ela mediante relacións de servicio público.

Nos tres casos pode existir responsabilidade extracontractual da Administración, tanto exclusiva ou recorrente. Aínda que de cada unha destas cuestións se debe tratar dunha maneira diferente, en todas elas se presenta un mesmo problema de fondo, que condiciona o repartimento de xurisdicción, a saber: o feito de que xunto á Administración, se recorre ademais contra un particular.

A orde xurisdiccional civil enténdese competente, xeralmente, para coñece-las reclamacións de responsabilidade extracontractual da Administración cando xunto a esta se recorre contra un particular, argumentando a súa *vis atractiva* que, segundo a orde civil, o habilita para saber dos procesos nos que se manifesta litisconsorcio pasivo entre a Administración e un particular en materia de responsabilidade extracontractual, incluso cando se trate de relacións de dereito público ou do desempeño de servicios públicos entendidos como funcións administrativas.

■ Competencia da orde xurisdiccional penal.

Non se aborda un estudio detallado do tema, por canto non constitúe unha manifestación da responsabilidade administrativa extracontractual, senón doutro réxime xurídico diferente.

■ Competencia xurisdiccional da orde social.

Á hora de valora-lo rendemento dos servicios públicos de saúde públicos pódese aceptar que sexa a orde social quen coñeza estas reclamacións, o seu desenvolvemento pode resultar específico en relación con outros servicios públicos, o que posibilita a súa adscrición a unha orde xurisdiccional distinta do contencioso-administrativo.

Sen embargo, para que así fose, o ordenamento xurídico debería confirma-la atribución competencial, pois do contrario, só cabe concluír que o legislador preferiu concederlle un tratamento unitario á materia, e confiarlla exclusivamente á orde contencioso-administrativa, de maneira que o conxunto da actividade pública sexa xulgada conforme a parámetros coherentes e homoxéneos de imputación. Máxime cando a doutrina sinalou que a oralidade e a simplicidade xeral do proceso laboral a fan inapropiada para pronunciarse sobre cuestións tecnicamente complexas e que precisan

dunha serena ponderación probatoria, como é o caso da responsabilidade pola mala praxe sanitaria.

■ *CAPÍTULO IV: Referencia ó repartimento de xurisdicción en materia de responsabilidade do Estado lexislador e polo funcionamento da Administración de xustiza.*

Trátanse, neste apartado, puntos que non constitúen en todo caso unha manifestación da responsabilidade da Administración pública. Representan máis ben unha consecuencia do principio xeral de responsabilidade dos poderes públicos, termo que inclúe tanto a Administración coma o poder lexislativo ou xudicial.

Non obstante, interesa coñecer cál é o tratamento normativo do repartimento xurisdiccional nestes casos, por canto a esixencia de responsabilidade dos poderes lexislativo e xudicial se realiza a través das administracións públicas, e son susceptibles de ulterior recurso xurisdiccional perante a xurisdicción contencioso-administrativa, todo o cal se enmarca no réxime xurídico da responsabilidade administrativa extracontractual.

■ O derradeiro capítulo fai referencia á *Valoración do sistema vixente de repartimento e alternativa a este.*

Para esclarece-la práctica que seguen os tribunais, efectúase unha síntese dos criterios que manexa a xurisprudencia, de maneira que os recorrentes poidan acceder con facilidade á orde xurisdiccional que mellor atende as súas pretensións en cada momento.

A primeira impresión que produce a aplicación práctica do repartimento xurisdiccional vixente en materia de responsabilidade administrativa extracontractual é que crea un grao considerable de inseguridade xurídica, que se manifesta na opacidade lexislativa das súas normas, así como na circunstancia de qué ordes xurisdiccionais distintas coñecen asuntos practicamente iguais aplicándolles réximes xurídicos diferentes.

Doutro lado, a repartición xurisdiccional en materia de responsabilidade da Administración presenta unha tensión evidente, provocada pola necesidade de combinar dúas necesidades distintas e incluso contrapostas, como son, primeiro, a de articular un sistema coherente de repartimento xurisdiccional, que sexa claro á hora de fixa-la orde xurisdiccional competente, e por outro lado, a de evitar que a propia dinámica do sistema atrase excesivamente o reintegro patrimonial do suxeito danado, en realidade, trátase aquí de preserva-lo principio de tutela xudicial efectiva.

Para resolve-la problemática derivada do repartimento de xurisdicción en materia de responsabilidade administrativa extracontractual, manexáronse propostas que postulan a unificación da competencia en beneficio da orde civil ou contencioso-administrativa.

O conxunto de circunstancias postas de manifesto ó longo de todo o estudio levado a cabo nesta obra, evidencia o extraordinario casuísmo presente na materia, o que recomenda establecer un repartimento estruturado das competencias xurisdiccionais, conforme ó seguinte modelo que propón o profesor Gamero Casado:


1. O principio que debe dirixi-lo repartimento xurisdiccional en materia de responsabilidade administrativa debe ser de carácter subxectivo: a orde xurisdiccional contencioso-administrativa tería coñecemento das reclamacións dirixidas contra as administracións públicas, e a orde civil, pola súa parte, das dirixidas contra os particulares.

2. O criterio anterior debe ser complementado con certos correctivos para evitar que se falsee o repartimento competencial, e permita ó mesmo tempo que a xurisdicción contencioso-administrativa coñeza asuntos nos que se dirime a responsabilidade administrativa extracontractual derivada da actividade de suxeitos privados.

As materias nas que deben introducirse estes correctivos deberían ser:

- a) O persoal da Administración.
- b) Contratistas da Administración.
- c) Concesionarios dos servizos públicos.
- d) Particulares que, ocasionalmente, incorran en responsabilidade concorrente coa Administración pública.
- e) Empresas públicas.
- f) Contratos privados de seguros subscritos pola Administración en materia de responsabilidade extracontractual.
- g) Responsabilidade derivada de delitos cometidos por axentes da Administración.
- h) Responsabilidade extracontractual derivada da malpraxe sanitaria en centros públicos de saúde.

Hai que subliñar finalmente que nas últimas páxinas do libro se presenta o texto base dunha posible reforma da Lei 30/1992, adoptado polo departamento de Dereito Administrativo e Internacional Público da Universidade de Sevilla nunhas recentes xornadas sobre esta materia.

Como última e xeral previsión, enténdese que unha reforma da Lei 30/1992 podería resolver moitos dos problemas presentes na responsabilidade administrativa, sobre todo, no tocante a garanti-la seguridade xurídica e o dereito á tutela xudicial efectiva. 

José María Rebollo Varela
Bolseiro da EGAP

La responsabilidad civil por daños al medio ambiente

Carlos De Miguel Perales

Editorial Civitas, 1997

O medio ambiente en xeral e a súa protección, en particular, é un tema que, actualmente, está de moda en tódolos medios de comunicación social, a diario nos advirten acerca da conveniencia de protexer determinadas especies, animais ou vexetais, en perigo de extinción, do labor de concienciación dos poderes públicos para a elaboración de proxectos tendentes á conservación de espazos naturais, e da idoneidade das campañas para mentaliza-los cidadáns no sentido de que a conservación do medio ambiente constitúe a garantía da súa propia subsistencia.

No noso Ordenamento Xurídico Civil hai xa tempo que existen normas de protección do medio ambiente, un exemplo constitúe o art. 1908 do CC, sen embargo, de poucos anos a esta parte ninguén pode negar que no noso país se sentiu a preocupación de protexer e defende-lo medio ambiente dende a perspectiva xurídica da responsabilidade civil extracontractual.

Nunha primeira aproximación podemos afirmar que, a protección do medio ambiente é maior nos países cun mellor nivel económico, mentres que nos máis pobres a protección ambiental ten un papel máis secundario ou carece del. Isto ten unha explicación lóxica, os países menos desenvolvidos centran a súa atención en cuestións que afectan máis inmediatamente á supervivencia dos cidadáns (palia-la fame, erradica-las enfermidades endémicas, etc.). En ocasións, tamén se prefire que se sitúe unha industria que vai verter residuos e contaminar un río ó longo do seu percorrido, se con iso se crean postos de traballo para a poboación asentada nas súas ribeiras.

A maioría dos países do noso contorno, posúan un sistema de dereito anglosaxón (Reino Unido) ou continental (Francia ou Italia), parten, á hora de regula-la responsabilidade civil por danos ó medio ambiente, dun réxime xeral de responsabilidade civil sub-activo, baseado en dous piares básicos: a culpa e a causa.

Tamén, o Código civil español no art. 1902 establece: " O que por acción ou omisión lle causa dano a outro, existindo culpa ou negligencia, está obrigado a repara-lo dano causado"; en vista deste precepto podemos afirmar que o primeiro elemento que compón a responsabilidade civil extracontractual é unha actividade voluntaria do home que, á vez, debe reunir dúas características esenciais sen as cales non existe responsabilidade: a primeira, que a actividade ten que xerar un dano e, en segundo lugar, que a actividade debe ser ilícita, isto é, contraria ó ordenamento xurídico.

Nos supostos de responsabilidade civil por danos ó medio ambiente, podemos atopar supostos de responsabilidade tanto en casos de acción (extracción de areas, vertedura nas rías, etc.) como de omisión, que serán aqueles casos nos que a responsabilidade se basea na ausencia da adopción de tódalas medidas necesarias para evita-la produción do dano.

Pero, o elemento esencial que compón a responsabilidade civil é o dano, é a verdadeira razón de ser desta, o que permite a súa existencia. Ata o punto de que a xurisprudencia do Tribunal Supremo esixe e, así se recolle en numerosas resolucións dictadas respecto disto, a certeza do dano efectivamente causado como elemento necesario para poder aprecia-la existencia de responsabilidade civil.

Cando falamos do dano ambiental estámonos refirindo ó dano certo, persoal e directo sufrido por un individuo determinado na súa persoa, como consecuencia da contaminación dalgún elemento ambiental, ou nos seus bens, en tanto estes formen parte do medio ambiente ou cando resulten danados como consecuencia da agresión ó ambiente.

A pesar de que o noso Código civil ó defini-la responsabilidade

por actos danosos a terceiros non menciona o carácter de ilicitude do acto, a diferenza doutros ordenamentos xurídicos coma o Código de Obrigas suízo, o Código civil italiano ou o BGB alemán, que si o inclúen de modo expreso. A doutrina en xeral, considerou que a antixuridicidade ou ilicitude é un requisito necesario para aprecia-la existencia de responsabilidade civil, xa que, dende un punto de vista xurídico se o feito é lícito é absurdo que a lei o castigue. É dicir, na consideración da responsabilidade civil por danos ó medio ambiente, o elemento do ilícito sempre debe estar presente, pois non é concibible que se imponha un deber de reparación dun dano se ese debe soportarse ou, se o dano ten xusta causa. Neste caso concreto a ilicitude xurdirá cando o acto sexa contrario á lei, ó costume ou ó principio *alterum non laedere*, principio este que nos casos de responsabilidade civil por danos ó medio ambiente goza de especial importancia.

Outro dos elementos esenciais da responsabilidade civil é a relación de causalidade, debe existir un vínculo entre a actividade despregada e o dano ocasionado de tal modo que poida afirmarse que o dano é consecuencia dunha determinada actividade. Cuestión distinta será a dificultade coa que, na práctica, se atopan os particulares que acoden ós tribunais de Xustiza para probar, precisamente, esa relación de causa a efecto entre a actividade desenvolvida por unha persoa e o concreto dano sufrido por outra.


Debemos matizar sen embargo que, cando falamos de responsabilidade civil por danos causados ó medio ambiente nos estamos referindo á responsabilidade de tipo obxectivo, que se caracteriza porque non ten en conta un elemento que na subxectiva é esencial para poder aprecia-la existencia de responsabilidade: a culpa. Pero que cando se trata de responsabilidade civil por danos ó medio ambiente, ó ter un carácter obxectivo, o que debe acreditarse é que os danos derivan daquelas actividades que supoñen un risco, fundamento da responsabilidade obxectiva.

De feito, a idea de risco adoita estar presente en moitas sentencias dictadas polo Tribunal Supremo como base da responsabilidade obxectiva. Así, un exemplo constitúeo a STS do 15 de febreiro de 1985 cando afirma que: "aquela parte que coa súa actividade ocasiona un risco está obrigada a acreditar que, en caso de concretarse aquel risco na produción dun dano, procedeu á adopción de cantas medidas foran racionalmente esixibles para previr tal dano".

Prodúcese así unha inversión da carga da proba no sentido de que lle corresponde ó demandado probar que actuou diligentemente. Mecanismo, o da inversión da proba, que pode resultar perigoso pois, levaríanos a afirmar que a simple existencia do dano é proba suficiente de que non se actuou coa dilixencia necesaria.

Non obstante, especial complexidade presenta, en materia de reparación dos danos causados ó medio ambiente, a valoración destes, ó existiren supostos nos que os danos seguen producíndose mentres está en curso o procedemento para a súa reclamación e a reparación; na maioría destes casos, non consiste nunha reparación *in natura* como sería o desexable, senón nunha indemnización en metálico.

Sen embargo, naqueles supostos nos que, a pesar de que o dano se produciu, non poida exercitarse a acción de responsabilidade, xorden como alternativa os fondos, que son institucións públicas, privadas ou mixtas, das cales a finalidade esencial é prove-las vítimas de danos ó medio ambiente dun dereito á reparación fronte ó propio fondo.

Finalmente, outro interesante aspecto do tema de responsabilidade civil por danos causados ó medio ambiente é o relativo á lexitimación activa, isto é, determinar qué persoas, asociacións ou órganos administrativos poden acudir ós tribunais da xurisdicción civil para esixi-la reparación dos danos causados, os problemas que se presentan e as posibles solucións que se arbitran. 

Ángeles Pérez Vega
Bolsreira da EGAP

El régimen de las garantías en la contratación administrativa

Ernesto García-Trevijano Garnica

Editorial Civitas, 1997

¹ PARADA, R., "El origen, desarrollo y situación actual de la contratación administrativa", conferencia pronunciada por PARADA, R., nas "Xornadas sobre a nova Lei de contratos das administracións públicas", organizadas polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, Vigo, 17 de novembro de 1995.

A esencia dos contratos administrativos, como sinala Parada¹, encóntrase en que a Administración fai e desfai, á súa vontade, o que quere nese contrato, pero que o contratista, en todo caso, ten dereito a saír indemne economicamente. A cualificación administrativa dun contrato produce basicamente unha serie de efectos que poden sintetizarse na submisión a un réxime público ou administrativo, o que implica a aplicación dunhas fontes específicas, a atribución á Administración dunha serie de potestades exorbitantes e a atribución do coñecemento e resolución das cuestións litixiosas que poidan xurdir do contrato á xurisdicción contencioso administrativa.

Por iso estes contratos presentan unha serie de modificacións respecto dos contratos privados como son a tipicidade do contido, as particulares vantaxes para o contratista, unha maior limitación do lícito contractual e a existencia de "cláusulas exorbitantes" (a posibilidade de interpretar e resolver pola propia Administración as

dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, o *ius variandi*, a posibilidade de producir efectos respecto de terceiros, etc.)

A figura do contrato tivo unha importancia esencial no desenvolvemento do dereito público. Así a Idade Media non se pode explicar sen o contrato, xa que o dereito público era un dereito pactado. Na época da monarquía absolutista cumpre, o contrato, dúas importantes funcións. Por un lado, utilízase como instrumento de xestión administrativa e política, e por outro, oponse ó principio monárquico do poder absoluto. Pero é no Estado liberal, como sinala Parada², cando se apaga a figura contractual e aparece o señorío do acto administrativo. Por último, neste século entra en crise o acto administrativo como figura central do dereito administrativo, e é desprazado polo contrato administrativo, xa que o Estado busca unha maior lexitimidade nas súas decisións e acode, por iso, á figura contractual. A orixe desta figura do contrato administrativo ten a súa razón histórica na existencia da xustiza administrativa, é unha consecuencia da xurisdicción. Como afirma García de Enterría "la distinción de contratos administrativos-contratos privados comienza siendo una distinción que juega exclusivamente en el plano procesal y carece de toda trascendencia en el plano material o sustantivo"³. Así en Francia, no século XVIII, introdúcese nestes contratos, nos que está implicada a Administración, unha cláusula pola que se dispón que a resolución do contrato se suxeitará á xurisdicción do Intendente e o recurso ó Consello do Reino. Non se quere que os tribunais civís coñezan a actuación da Administración. A xustiza administrativa non nace como medio para controla-lo poder público senón coa finalidade de evitar que a xurisdicción civil coñeza eses contratos. En España o liberalismo extremo da Constitución de Cádiz de 1812 plásmase, nesta materia, no Decreto constitucional do 13 de decembro de 1813 que remite tódolos contratos nos que intervén a Administración ós tribunais civís. Posteriormente coas reformas de Bravo Murillo de 1845, cópiase o sistema francés e recóllese, nun real decreto de febreiro de 1845 e no Regulamento do Consello Real do 30 de decembro de 1846, a suxeición destes contratos á xustiza administrativa.

A Lei de contratos do Estado, aprobada polo Decreto 923/1965, do 8 de abril, aínda cando sinalaba que o seu obxecto era o de "regularlos contratos que realice a Administración do Estado con persoa natural ou xurídica", do texto da lei soamente se deducía que os contratos que esta regulaba eran os de obras, servicios públicos e subministracións, co fin de esquecer toda outra clase de contratos⁴. Por iso un dos obxectivos da nova Lei de contratos das administracións públicas é o de recoller, nun único corpo legal e de forma sistemática, a lexislación sobre contratación pública. A apa-

² *Ibidem*.

³ GARCÍA DE ENTERRÍA, E., *Curso de Derecho Administrativo*, volume I, cuarta edición, Civitas, Madrid, 1986, páx. 628.

⁴ MIRANDA GONZÁLEZ, J., *La contratación de las Administraciones Públicas*, Celeste Ediciones, Madrid, 1995, páx. 10.

rición de diversas disposicións sobre a materia (como os R.D. 1005/1974, R.D. 1465/1985 e R.D. 2357/1985) "esixen que se integren na nova (lei) que se promulga, para conseguila continuidade no propósito daquela (LCE) e que informa a redacción desta" (Exposición de motivos da Lei de contratos das administracións públicas). Como sinalaba o R.D. 1465/1985, a forma de actuación da Administración cando foi necesario regular novas figuras xurídicas, non consideradas expresamente na LCE ou no Regulamento consistiu en dicta-la adecuada norma que os regulase. Desta maneira, a regulación da contratación pública estaba espaxada en diversas disposicións, o que evidentemente, non era nin a finalidade prevista pola LCE nin o máis axeitado desde un punto de vista práctico.

Pero non é este o único dos motivos que xustifica a nova Lei de contratos das administracións públicas do 19 de maio de 1995. Podemos sinalar tamén os seguintes. En primeiro lugar trátase coa mesma de lle dar cumprimento a un mandato constitucional, xa que o art. 149.1.18ª da Constitución lle atribúe ó Estado competencia exclusiva para promulga-la lexislación básica sobre contratos administrativos. Ademais a adhesión de España á Comunidade Europea esixía a adaptación da nosa lexislación interna ó ordenamento xurídico comunitario, recollido en materia de contratación pública en diversas directivas. En terceiro lugar, trátase de acentua-la publicidade e a transparencia na contratación administrativa cunha serie de medidas para logra-la obxectividade da actuación administrativa e o respecto ós principios de igualdade e non discriminación que teñen o seu adecuado reflexo no principio de libre concorrência, básico na contratación administrativa.

Aínda no caso de que a nova lei non poida substraerse ás modificacións filosóficas que a doutrina administrativista foi introducindo, segue mantendo o principio do *ius imperium*. Pero tamén hai que ter en conta que se trata dunha lei moderna que quere recolle-las novas correntes doutrinarias que tanto en dereito administrativo como no dereito en xeral propugnan unha menor rixidez da norma e un certo liberalismo no seu cumprimento⁵.

O libro que se comenta céntrase, dentro da materia dos contratos administrativos, no réxime de garantías. Como sinala o seu autor, unha das maiores preocupacións na contratación administrativa é a de asegurar que quen contrata coa Administración vai cumprilas obrigacións que legal ou contractualmente asumise. Pero, ¿cal é a regulación actual das garantías trala Lei de 1995? O libro obxecto desta recensión ocúpase diso.

A nova lei introduciu certas novidades na materia que tiveron como finalidade lograr unha maior flexibilidade nas garantías, para destaca-la incorporación á mesma dalgúns preceptos contidos no

⁵ *Ibidem*, páx. 12.


Regulamento Xeral de Contratación do Estado, o que se xustifica, na exposición de motivos, polo obxecto substantivo de que tratan ou pola súa importancia obxectiva.

O libro divídese en tres capítulos. No primeiro realízase unha reflexión sobre o tema das garantías na contratación administrativa, un estudio histórico destas, desde a Real orde do 16 de abril de 1846, polo que se aproban o prego de condicións xerais para as contratas de obras públicas de camiños, canles e portos e na que se esixía para poder ser admitido na poxa, afianza-la seguridade da súa boa construción, ata os nosos días. Así destaca o rigor técnico da Lei 13/1995, do 18 de maio, ó substituí-lo termo *fianzas* polo de *garantías*, máis correcto, xa que baixo a denominación de fianzas se incluían unha serie de instrumentos de garantías, que xuridicamente non se poden cualificar como tales.

O capítulo segundo estudia de maneira sistemática e moi detallada a garantía provisional: o momento en que debe prestarse, o lugar e a forma de constitución, a súa contía, a posible substitución da garantía provisional e os medios para presta-la mesma, as dispensas da prestación de garantía, excepcións á súa constitución, devolución e retención, etc. O tema dos medios para presta-la garantía (art. 36.1 da lei) é o que de maneira máis extensa trata o profesor García-Trevijano. Neste sentido examina a constitución en metálico da garantía, os valores, o aval e as entidades avalistas e o contrato de seguro de caución, instrumento de nova utilización no ámbito das garantías da contratación administrativa. Nesta materia é esencial o Real decreto 390/1996, do 1 de marzo. ¿Sería viable a hipoteca para constituí-la garantía provisional? A resposta do autor é negativa, xa que considera que na actualidade a hipoteca non é un medio idóneo para constituí-la garantía provisional ou definitiva.

No terceiro capítulo analízase a garantía definitiva: contía, momento e lugar de constitución, medios de prestación da mesma, reposición, garantías globais, complementarias e especiais, dispensas e excepcións, etc. Novidade fundamental da nova lei é a posibilidade dunha garantía global que cubra a totalidade dos contratos que un mesmo empresario manteña cunha mesma Administración ou cun mesmo órgano de contratación, sen especificación singular para cada contrato, e que responderá, xenérica e permanentemente, do cumprimento por parte do adxudicatario das obrigas de tódolos contratos establecidos coa mesma Administración pública. O autor, que insiste en que a Lei de contratos das administracións públicas neste aspecto esta falto do necesario desenvolvemento regulamentario, realiza unha configuración do que debería ser a forma de presta-las garantías globais. Polo que se refire ás garantías com-

BIBLIOGRAFÍA E RECENSIÓNS

plementarias, non se introducen especiais cambios con respecto á nova lei. O lugar idóneo, sinala García-Tevijano, para impoñe-la prestación da garantía complementaria é o prego de cláusulas administrativas particulares, xa que non cabe esixir *ex novo* a garantía complementaria mediante actos singulares da Administración contratante. 

Ignacio López-Chaves Castro

Profesor de dereito da Universidade de Vigo

Normas para a presentación de orixinais

1. Os traballos serán orixinais non publicados total ou parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografadas a dobre espacio nunha soa cara e numeradas, incluíndo, de se-lo caso, e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folla á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterà abreviaturas nin notas.
5. Inclúiranse co título do artigo catro ou cinco descritores polos que se poida clasifica-lo artigo.
6. Baixo o título colocárase o nome do autor ou autores, incluíndose ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañaranse á versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ó final do manuscrito en folla á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas no-

tas) situaranse ó final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

Libros:

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

Artigos:

AUTOR (ano): Título do artigo, en título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.

Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remítanse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismo, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegarase o enderezo postal e teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para tódolos efectos.
15. Os autores comprométese a corrixi-las probas de imprenta nun prazo de sete días, e enténdese que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

*Revista Galega de
Administración Pública*

EGAP

Pol. das Fontiñas, Rúa Madrid, 2-4
15707 Santiago de Compostela.
Galicia. España.



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA